

A CADEA FORESTAL- MADEIRA DE GALICIA

2025



CONTIDO

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS	2
A CADEA FORESTAL - MADEIRA	3
APROVEITAMENTOS FORESTAIS	8
ANÁLISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA 2025	8
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO DISTRITO FORESTAL	12
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O CONCELLO	22
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO	25
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS NO CONTEXTO ESPAÑOL	28
ANÁLISE DAS CORTAS ANUAIS SEGUNDO O MADEIRISTA.	32
INDUSTRIA FORESTAL – MADEIRA	34
FACTURACION DA CADEA PRINCIPAL DE VALOR FORESTAL-MADEIRA	34
O INDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL COMO INDICADOR DE ACTIVIDADE	37
COMERCIO EXTERIOR	40
DEMOGRAFIA EMPRESARIAL	44
EMPREGO	46
NOTAS SOBRE MERCADOS	49
Mercado global da madeira EN 2025	49
EUDR: dentro do labirinto	54
A nova política arancelaria	55
2026: O impacto ENGADIDO do conflito Iran – EE.UU.	56
ÍNDICE DE FIGURAS	58
ÍNDICE DE TÁBOAS	59
Información de contacto	60



PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

A actividade industrial é unha fonte fundamental de riqueza e emprego, constituíndo a base produtiva do crecemento económico. Ademais, exerce un importante efecto tractor e multiplicador sobre o conxunto dos demais sectores produtivos.

O sector da madeira e do moble destaca especialmente polo seu impacto macroeconómico no conxunto de Galicia. Trátase dun ámbito fortemente implantado na nosa comunidade, e unha das principais actividades industriais en numerosas comarcas de carácter rural. Por este motivo, o impulso do sector madeira-moble pode actuar como unha panca clave para fixar poboación no territorio e contribuír á loita contra o reto demográfico.

En consonancia coa relevancia do sector forestal-madeira en Galicia, as persoas titulares da Consellería do Medio Rural e da Consellería de Economía, Industria e Innovación propuxeron a declaración do sector forestal-madeira como sector estratéxico para Galicia, acordo que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de febreiro de 2024.

O desenvolvemento de informes periódicos, de maneira complementaria aos datos proporcionados polos plans estatísticos oficiais, empregando fontes suficientemente actualizadas sobre a evolución dos recursos forestais, as caracterizacións subsectoriais, os consumos de madeira e as posibilidades de subministración en termos económicos, permitiría unha caracterización máis precisa do sector e a elaboración de diagnósticos axeitados. Estes informes contribuirían tamén á toma de decisións, tanto no ámbito empresarial como no público, así como á identificación de oportunidades de crecemento e mellora para o sector.

Ademais, os informes periódicos sobre o sector forestal poden proporcionar información de grande valor para a adopción de decisións estratéxicas e para a planificación do desenvolvemento industrial. Así, poden servir para identificar barreiras e retos aos que se enfronta o sector e facilitar o deseño de estratexias orientadas á súa superación. Do mesmo xeito, poden contribuír a reforzar a transparencia e a rendición de contas no sector. Os datos e estatísticas recompilados nestes informes poden ser empregados por diferentes axentes —administracións públicas, empresas, persoal investigador e organizacións— tanto para elaborar os seus propios diagnósticos como para avaliar o impacto das políticas e programas implantados.

Desde o punto de vista metodolóxico, e coa finalidade de ofrecer información co maior grao posible de actualización e, nos casos máis específicos non contemplados nos plans estatísticos oficiais, estimacións cun nivel suficiente de precisión, traballouse con diversas fontes de información: estatísticas oficiais, rexistros administrativos, enquisas directas a axentes económicos, informes sectoriais e resultados de traballos de investigación. En cada un dos epígrafes, táboas e gráficos incluídos neste documento indícase expresamente a fonte ou fontes empregadas.



A CADEA FORESTAL - MADEIRA

A Cadea de Valor Forestal – Madeira caracterízase pola súa complexidade e ramificación e non é doado definir os seus límites, o que segue a provocar disparidades á hora de analízalo. A distintos niveis (por exemplo, a nivel europeo e nacional) utilízanse diferentes delimitacións do sector o que complica moitas veces a comparación entre distintos documentos sobre o sector.

O *Forest Sector Outlook Study* de UNECE/FAO considera que a cadea de valor abrangue tanto os recursos forestais como a produción, o comercio e o consumo de produtos e servizos forestais. Os produtos forestais inclúen todos os produtos primarios da madeira fabricados no sector de transformación forestal (madeira serrada, paneis derivados da madeira, papel e cartón), así como os principais insumos ou produtos parcialmente procesados empregados no sector (madeira en rolo, pasta de madeira, residuos de madeira e papel recuperado). Sen embargo, non inclúe os produtos forestais de segunda transformación ou de valor engadido (como mobles, portas de madeira, etc.).

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea considera, á hora de definir os 35 sectores industriais, por separado o sector das industrias forestais (que inclúe a silvicultura, a transformación da madeira, a fabricación de pasta e papel, a conversión de papel e cartón, e mesmo a impresión) do sector do mobiliario.

En 2004, a Confederación Europea das Industrias da Madeira (CEI-Bois), a Confederación Europea de Propietarios Forestais (CEPF) e a Confederación Europea das Industrias do Papel (CEPI) tomaron a iniciativa de crear a Plataforma Tecnolóxica Forestal (FTP) onde participan o Instituto Forestal Europeo (EFI, representando a investigación forestal), Innova Wood (no ámbito da investigación na madeira), así como outras institucións relacionadas. Para a FTP a definición do sector inclúe as industrias da madeira e do moble, a industria da pasta, papel e as súas transformacións, así como a silvicultura e os propietarios forestais. Preto do 90 % da madeira en bruto utilizada como materia prima no sector forestal procede de recursos forestais da UE.

A Lei de Montes de Galicia define a cadea monte-industria como o conxunto que integra a propiedade forestal, a silvicultura, a investigación forestal, a subministración de material forestal de reprodución, a prestación de servizos forestais, a execución de aproveitamentos, a comercialización e a primeira transformación, na que se inclúen as actividades de serra, chapa, taboleiros, pasta de celulosa e cortiza, así como as restantes que transformen produtos forestais procedentes dos montes galegos, agás as industrias dedicadas á transformación de produtos agroalimentarios.

Por outra banda, segundo os seus estatutos, a Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal. En particular, a Axencia Galega da Industria Forestal ten entre os seus obxectivos a mellora da competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso, e con especial incidencia na segunda e seguintes fases.



Dende o punto de vista estatístico é imprescindible citar a publicación “A Análise da cadea forestal-madeira” do Instituto Galego de Estatística (IGE) dentro da actividade de interese estatístico (AIE13) “Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral” recollida no Programa estatístico da comunidade autónoma. Nesta obra defínese a cadea forestal-madeira como o conxunto de unidades produtivas localizadas en Galicia que teñen como actividade principal a silvicultura e explotación forestal, a fabricación de produtos de madeira, de pasta papeleira, papel e produtos de papel transformado, así como a fabricación de mobles. Estas actividades clasifícanse consonte á Clasificación Nacional de Actividades (CNAE-09)² en catro divisións:

- R02 Silvicultura e explotación forestal: inclúe actividades de cultivo de madeira en pé, explotación de viveiros forestais, a produción de madeira en rolla ou en bruto ou a recolección de produtos silvestres.
- R16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles: comprende a fabricación de produtos de madeira cos procesos de produción de serradura, cepilladura, conformación, laminación e ensamblaxe de produtos de madeira.
- R17 Industria de papel: inclúe a fabricación de pasta papeleira, papel e produtos de papel transformado.
- R31 Fabricación de mobles: esta división comprende a fabricación de mobles e produtos aíns de calquera material, agás pedra, formigón e cerámica.

A importancia cualitativa do sector increméntase ao considerar as numerosas cadeas laterais e os provedores de bens de equipo, subministracións complementarias, servizos de investigación e infraestruturas (nomeadamente ferrocarril e portos) vinculadas ao mesmo. Deste xeito, o incremento da produción na cadea principal non só provoca incrementos de emprego nesa rama principal, senón que na medida en que demanda consumos intermedios doutras ramas tamén repercute no seu emprego. Segundo o Marco Input-Output de Galicia, a cadea de valor forestal – madeira adquire produtos do 80% dos sectores económicos de Galicia e, en 23 deles, con compras superiores aos 10 M€/ano.

A propia natureza da materia prima e as complementariedades nas liñas de transformación existentes en Galicia fan que, si se representa á mesma a partir do fluxo de materiais e produtos, o diagrama resultante diste moito de ser unha pirámide onde exista unha clara xerarquía de empresas e subsectores. Pola contra, a representación máis fiel da realidade do sector é unha complexa rede formada por máis de trinta nodos e sesenta conectores.

Tendo en conta todas as consideracións anteriores, e unha ampla revisión bibliográfica, levouse a cabo unha descrición da Cadea de Valor Forestal – Madeira recollida no gráfico das páxinas seguintes.

Deste xeito, o primeiro elo sobre o que asenta a cadea forestal-madeira identifícase coa rama de actividade R02 Silvicultura e explotación forestal, que comprende a produción de madeira, leña, a extracción e recolección de produtos forestais silvestres non madeireiros e os servizos de apoio á silvicultura entre os que mesmo se atopan os servizos de extinción de incendios.

Un segundo elo estaría formado polas actividades transformación da madeira: transformación enerxética, transformación mecánica e transformación química. Entre outras estas estarían recollidas pola R16 Industria da madeira, que comprende a fabricación de madeira serrada, tableiros, chapas, sollados,



vigas... e a R17 Industria do papel, que abrangue a fabricación de pasta papeleira, papel e produtos de papel transformado. Pero, tal e como se recolle no gráfico unha parte significativa das actividades de transformación (fundamentalmente enerxética e química) quedarían fora das anteriores.

O seguinte elo da cadea forestal-madeira englobaría as actividades de segunda transformación recollidas nas ramas de actividade: R16 Industria da madeira, R17 Industria do papel e R31 Fabricación de mobles. Esta última rama, ademais de recoller a fabricación de mobles, tamén inclúe a fabricación de produtos aíns, como colchóns ou somieres e que deberían excluírse do estudo da cadea forestal-madeira, aínda que as fontes de información dispoñibles non permiten illalas. Do mesmo xeito hai que ter en conta que tanto o sector do moble como o do *contract* son moi diversos, tanto en materiais como na súa relación con distintas cadeas de valor e a implicación de distintas actividades económicas.


É, ademais, salientable ter en conta o feito de que a produción de fibras baseadas en celulosa pode continuar na fabricación de produtos innovadores como os plásticos e tecidos que están a gañar relevancia como resposta ás crecentes esixencias de sustentabilidade en múltiples sectores económicos. Neste caso as empresas que traballan con fibras baseadas en celulosa son moi diversas e especializadas e moitas veces utilizan celulosa procedente doutras plantas como o algodón ou o liño. Isto implica que as fibras celulósicas poden chegar a formar parte dunha ampla variedade de cadeas de valor distintas.

A cadea forestal-madeira continuaría a través das actividades de comercialización (por xunto ou polo miúdo) dos produtos fabricados por estas ramas, pero o detalle da información estatística dispoñible non permite identificalas co detalle necesario.

Esta introdución pon de manifesto que, aínda que neste informe a Cadea de Valor Forestal-Madeira se caracteriza a través das súas actividades principais e, nomeadamente, empregando a información correspondente aos CNAEs 02, 16, 17 e 31, as cifras recollidas reflicten unicamente unha estimación inferior e conservadora da verdadeira importancia económica e sistémica do sector na economía galega.



Figura 1 Descrición da Cadea de Valor Forestal-Madeira e as actividades económicas (CNAE09)



- Actividades R16 Industria da Madeira
- Actividades R17 Industria do Papel
- Actividades R31 Fabricación de Mobles
- Actividades de varias ramas da cadea forestal-madeira
- Actividades de ramas de fora da cadea

Actividades de subministracións complementarias

- R13 – Industria téxtil
- R15 – Industria do coiro e do calzado
- R20 – Industria química
- R22 – Fabricación de produtos de caucho e plásticos
- R23 – Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- R25 – Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo
- R35 – Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

Actividades de equipamento

- R26 – Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
- R28 – Fabricación de maquinaria e equipo
- R29 – Fabricación de vehículos a motor
- R33 – Reparación e instalación de maquinaria e equipo
- R35 – Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- R36 – Captación, depuración e distribución de auga
- R37 – Recollida e tratamento de augas residuais → instalacións de tratamento
- R38 – Recollida, tratamento e eliminación de residuos
- R41 – Construción de edificios
- R42 – Enxeñaría civil

Actividades de apoio

- R33 – Reparación e instalación de maquinaria e equipo
- R38 – Xestión de residuos e materiais reciclables
- R39 – Actividades de saneamento e xestión de residuos
- R49 – Transporte terrestre e por tubaxe
- R50 – Transporte marítimo e por vías navegables interiores
- R69 – Actividades xurídicas e de contabilidade
- R70 – Actividades de sedes centrais; consultoría de xestión empresarial
- R71 – Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas
- R72 – Investigación e desenvolvemento
- R73 – Publicidade e estudos de mercado
- R74 – Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
- R85 – Educación, formación regrada e non regrada, formación profesional e continua
- R86 – Actividades sanitarias (cando inclúe vixilancia da saúde laboral)
- R94 – Actividades asociativas



)



APROVEITAMENTOS FORESTAIS

APROVEITAMENTOS FORESTAIS

ANALISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA 2025

Os datos de aproveitamentos madeireiros en Galicia amosan en 2025 unha actividade moi elevada, cun volume total de 10,77 millóns de metros cúbicos, dos cales preto do 93% corresponden á xestión privada (9,98 millóns m³), mentres que a xestión pública representa arredor do 7% restante (784.716 m³). Esta distribución evidencia o enorme peso da propiedade privada na cadea forestal galega e confirma o carácter minifundista e privado da estrutura forestal de Galicia.

Táboa 1: Galicia: 2025 Aproveitamentos por tipo de xestión e formación específica (m³)

XESTION PRIVADA Volumes (m3) formacións específicas de aproveitamentos madeireiros en Galicia por provincia									
	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
Coruña, A	621.715	202.143	522	8.167	3.375.808	53.155	5.781	30	4.267.320
Lugo	421.809	1.476.289	69.168	33.275	1.617.225	117.371	3.858	10	3.739.005
Ourense	452.549	19.525	132.787	5.865	37.268	38.656	202	24	686.877
Pontevedra	561.675	133.899	1.260	4.088	560.300	21.658	6.555	13	1.289.447
TOTAL	2.057.748	1.831.856	203.736	51.394	5.590.601	230.841	16.396	77	9.982.648
XESTIÓN PUBLICA Volumes (m3) formacións específicas de aproveitamentos madeireiros en Galicia por provincia									
	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
Coruña, A	339	4.086	0	0	350	5	0	344	5.124
Lugo	8.131	10.300	20.430	27.432	0	85	0	170	66.548
Ourense	34.274	0	65.228	336.714	8.560	0	0	240.842	685.618
Pontevedra	14.300	490	0	4.917	7.325	18	376	0	27.426
TOTAL	57.044	14.876	85.658	369.063	16.235	107	376	241.356	784.716
TOTAL Volumes (m3) formacións específicas de aproveitamentos madeireiros en Galicia por provincia									
	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
Coruña, A	622.053	206.229	522	8.167	3.376.159	53.160	5.781	374	4.272.444
Lugo	429.940	1.486.589	89.597	60.706	1.617.225	117.457	3.858	180	3.805.552
Ourense	486.823	19.525	198.015	342.579	45.828	38.656	202	240.867	1.372.495
Pontevedra	575.975	134.388	1.260	9.005	567.625	21.675	6.931	13	1.316.873
TOTAL	2.114.792	1.846.732	289.393	420.457	5.606.836	230.948	16.772	241.433	10.767.364

Fonte: Sistema de indicadores da Consellería do Medio Rural : ano 2025

Por especies, o claro predominio corresponde ao *Eucalyptus spp*, cun volume total de 5,61 millóns de m³, o que representa máis da metade dos aproveitamentos totais realizados en Galicia. O eucalipto concentra especialmente a actividade nas provincias atlánticas, destacando de maneira moi notable A Coruña, con 3,38 millóns de m³, seguida de Lugo con 1,62 millóns e Pontevedra con 568.000 m³. Ourense presenta unha presenza moi reducida desta especie, con apenas 45.800 m³. Estes datos reflicten a forte especialización produtiva das provincias costeiras e a importancia da demanda industrial vinculada á pasta de papel e aos taboleiros.



O segundo gran grupo corresponde ás coníferas, especialmente *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*. O primeiro alcanza 2,11 millóns de m³, cunha distribución relativamente equilibrada entre provincias, aínda que destacan A Coruña e Pontevedra. Pola súa banda, o *Pinus radiata* acada 1,85 millóns de m³, concentrándose de forma moi significativa en Lugo, provincia que reúne máis do 80% das cortas desta especie en Galicia, con 1,49 millóns de m³.

A distribución provincial amosa importantes diferenzas territoriais. A Coruña sitúase como principal provincia produtora con 4,27 millóns de m³, o 40% do total galego, debido fundamentalmente ao peso do eucalipto. Lugo ocupa a segunda posición con 3,81 millóns de m³, apoiada tanto no eucalipto como no piñeiro radiata. Pola contra, Pontevedra presenta un volume máis moderado (1,32 millóns de m³), mentres que Ourense, cunha estrutura forestal diferente e menor presenza de eucalipto, queda en 1,37 millóns de m³, aínda que con maior diversidade de coníferas e outras formacións.

No relativo á xestión pública, destaca especialmente Ourense, que concentra 685.618 m³ dos 784.716 m³ totais, é dicir, preto do 87% dos aproveitamentos públicos galegos. Neste caso teñen gran relevancia as categorías de “Outras / Mistura Coníferas” e “Outras”. Pola contra, nas provincias atlánticas a actividade forestal pública resulta moi reducida fronte ao enorme peso da propiedade privada.

A evolución dos aproveitamentos de madeira en Galicia entre 2015 e 2025 amosa un comportamento marcado por unha tendencia xeral de crecemento estrutural, aínda que con importantes oscilacións interanuais e cambios na composición entre montes de xestión pública e privada.

En termos xerais, o volume total de cortas pasa de arredor de 7,7 millóns de metros cúbicos en 2015 a máis de 10,7 millóns en 2025, o que supón un incremento significativo ao longo da década. Este crecemento non é lineal, senón que se caracteriza por ciclos de expansión e corrección asociados tanto a factores de mercado como a eventos extraordinarios, como crises económicas, variacións de prezos ou perturbacións meteorolóxicas e sanitarias.

A xestión privada dos montes representa claramente o núcleo da produción forestal galega durante todo o período. O seu peso medra de forma sostida entre 2015 e 2022, pasando de algo máis de 7,2 millóns de metros cúbicos a máis de 10,7 millóns, que constitúe o máximo da serie. A partir de 2023 obsérvase unha certa corrección, con estabilización en niveis próximos aos 9,2–10 millóns, antes dunha nova recuperación en 2025. Esta evolución confirma a forte dependencia do sistema forestal galego da iniciativa privada e da dinámica do eucalipto e do piñeiro como principais especies de aproveitamento.

Pola súa banda, os montes de xestión pública presentan unha evolución moito máis irregular e con menor peso relativo no conxunto. Entre 2015 e 2020 obsérvase unha tendencia descendente moi acusada, alcanzando o mínimo en 2020. A partir de 2021 prodúcese unha recuperación progresiva, que se acelera de forma notable en 2023 e, especialmente, en 2025, cando se alcanza o máximo da serie con máis de 780.000 metros cúbicos. Esta circunstancia ven mediatizada polo impacto dos incendios de agosto de 2025 na provincia de Ourense.




No que atinxe ao total de cortas, tras un crecemento sostido ata 2018, cando se supera por primeira vez a barreira dos 10 millóns de metros cúbicos, prodúcese unha fase de estabilidade relativa con descensos en 2019 e 2020, coincidentes con períodos de menor actividade económica e maiores incertezas de mercado. A partir de 2021 rexístrase unha forte recuperación, que culmina en 2022 cun máximo histórico da serie (máis de 11 millóns de metros cúbicos), seguido dun descenso en 2023 e 2024 e unha nova recuperación en 2025.

Táboa 2 Evolución 2015-2025 dos aproveitamentos de madeira por tipo de xestión


	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Montes en xestión pública	419.770	399.518	308.745	318.100	284.412	171.201	320.647	259.128	561.268	281.246	784.716
Montes de xestión privada	7.275.255	8.218.233	9.258.933	9.790.903	9.445.816	8.918.638	9.692.317	10.766.421	9.238.304	9.144.553	9.982.648
Total Cortas	7.695.025	8.619.127	9.624.610	10.093.061	9.671.024	9.006.914	10.022.184	11.025.549	9.799.573	9.425.799	10.767.364

Fonte: Sistema de indicadores da Consellería do Medio Rural : anos 2015 a 2025




Fonte: Sistema de indicadores da Consellería do Medio Rural : anos 2015 a 2025

Figura 3 Galicia: Cortas en montes de xestión privada por especie e ano (m³)



Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : anos 2021 a 2025

Figura 4 Galicia: Cortas en montes de xestión pública por especie e ano (m³)



Fonte: Sistema de indicadores da Consellería do Medio Rural : anos 2021 a 2025



ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO DISTRITO FORESTAL

Táboa 3 Volume (m3) de aproveitamentos en montes de xestión privada por distrito forestal e formación

2025	<i>Eucalyptus spp</i>	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	Fronzosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
A Coruña									
I-Ferrol	764.226	39.881	57.835	323	545	5.986	922	24	869.742
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	894.416	169.463	45.474	7	1.568	14.009	1.181	4	1.126.123
III-Santiago - Meseta Interior	1.206.691	159.371	66.825	41	2.182	24.278	992	0	1.460.379
IV-Barbanza	206.009	123.283	11.690	69	2.544	5.257	1.400		350.251
V-Fisterra	304.466	129.716	20.319	81	1.329	3.626	1.287	2	460.824
Lugo									
VI-A Mariña Lucense	748.037	47.036	176.119	7.497	2.540	5.065	2.471		988.766
VII-Fonsagrada - Os Ancares	86.302	17.418	321.007	37.042	10.738	8.403	1	3	480.913
VIII-Terra de Lemos	31.878	258.992	157.082	3.460	15.453	25.052	1.368	0	493.284
IX-Lugo - Sarria	345.996	47.541	458.473	8.375	2.231	53.791	1	4	916.413
X-Terra Cha	405.012	50.823	363.607	12.793	2.312	25.061	17	3	859.628
Ourense									
XI-O Ribeiro - Arenteiro	14.294	68.677	3.841	1.579	348	2.963	22	11	91.735
XII-Miño - Arnoia	12.680	74.305	7.254	224	2.337	12.274	51	7	109.130
XIII-Valdeorras - Trives	185	69.786	984	52.411	1.949	8.633	92	0	134.040
XIV-Verín - Viana	3.592	210.746	2.264	68.889	597	6.641	30	4	292.763
XV-A limia	6.517	29.036	5.182	9.684	634	8.147	6	2	59.208
Pontevedra									
XVI-Deza - Tabeirós	155.926	225.795	114.618	513	2.494	14.326	929	3	514.602
XVII-O Condado - A Paradanta	66.077	64.480	585	724	143	720	408	0	133.138
XVIII-Vigo - Baixo Miño	116.504	164.252	12.082	12	787	1.555	2.048	9	297.250
XIX-Caldas - O Salnés	221.792	107.148	6.615	11	665	5.056	3.170	1	344.457
TOTAL	5.590.601	2.057.748	1.831.856	203.736	51.394	230.841	16.396	77	9.982.648

Fonte: Consellería do Medio Rural. Solicitudes de corta e datos dos alleamentos en montes de xestión pública 2021-25



Táboa 4 Galicia: Cortas de eucalipto por distrito forestal e e ano (m³)

EUCALIPTO	2021	2022	2023	2024	2025	Variación 2021-2025
A Coruña	3.381.967	3.636.536	3.382.810	3.187.752	3.376.159	-0,2%
I-Ferrol	958.067	951.860	962.955	821.858	764.261	-20,2%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	888.506	981.562	900.796	813.052	894.416	0,7%
III-Santiago - Meseta Interior	968.123	1.137.130	918.917	1.101.738	1.206.691	24,6%
IV-Barbanza	235.236	232.904	257.276	199.191	206.321	-12,3%
V-Fisterra	332.035	333.081	342.866	251.913	304.469	-8,3%
Lugo	1.626.441	1.843.857	1.551.310	1.513.052	1.617.225	-0,6%
VI-A Mariña Lucense	867.470	1.000.206	846.360	744.526	748.037	-13,8%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	70.746	76.656	84.895	63.838	86.302	22,0%
VIII-Terra de Lemos	11.892	16.831	19.501	21.534	31.878	168,1%
IX-Lugo - Sarria	236.303	338.156	254.157	261.831	345.996	46,4%
X-Terra Cha	440.030	412.007	346.398	421.323	405.012	-8,0%
Ourense	37.410	68.280	46.667	36.442	45.828	22,5%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	11.350	49.803	19.889	15.306	15.677	38,1%
XII-Miño - Arnoia	7.430	4.158	5.705	4.250	12.680	70,7%
XIII-Valdeorras - Trives	26	38	27	21	185	610,7%
XIV-Verín - Viana	6.709	3.929	8.419	6.233	7.146	6,5%
XV-A Irmia	11.895	10.353	12.628	10.632	10.140	-14,8%
Pontevedra	566.968	681.856	677.985	602.691	567.625	0,1%
XVI-Deza - Tabeirós	105.338	111.522	145.747	142.531	155.978	48,1%
XVII-O Condado - A Paradanta	57.002	86.575	45.808	49.299	66.094	16,0%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	134.344	143.467	126.411	159.344	118.625	-11,7%
XIX-Caldas - O Salnés	270.284	340.291	360.019	251.518	226.927	-16,0%
Total Galicia	5.612.786	6.230.530	5.658.771	5.339.938	5.606.836	-0,1%

Fonte: Consellería do Medio Rural. Solicitudes de corta e datos dos alleamentos en montes de xestión pública 2021-25



Táboa 5 Galicia: Cortas de coníferas por distrito forestal e e ano (m³)

CONIFERAS	2021	2022	2023	2024	2025	Variación 2021-2025
A Coruña	1.051.819	1.064.210	763.540	822.346	836.971	-20,4%
I-Ferrol	125.935	115.011	93.990	120.288	100.753	-20,0%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	289.520	313.820	239.198	201.313	216.615	-25,2%
III-Santiago - Meseta Interior	323.026	270.432	164.803	214.058	229.894	-28,8%
IV-Barbanza	147.368	175.568	119.097	128.054	137.931	-6,4%
V-Fisterra	165.970	189.379	146.452	158.632	151.778	-8,6%
Lugo	2.176.480	2.408.321	1.980.357	2.089.669	2.066.833	-5,0%
VI-A Mariña Lucense	219.127	253.600	176.972	221.161	233.361	6,5%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	414.839	331.588	392.894	487.717	395.646	-4,6%
VIII-Terra de Lemos	344.992	654.385	483.812	409.655	482.538	39,9%
IX-Lugo - Sarria	657.201	717.791	562.351	513.180	518.571	-21,1%
X-Terra Cha	540.322	450.956	364.327	457.956	436.716	-19,2%
Ourense	348.507	383.762	482.185	341.906	1.046.942	200,4%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	73.933	102.365	116.367	86.890	79.607	7,7%
XII-Miño - Arnoia	88.267	106.136	76.190	83.553	85.534	-3,1%
XIII-Valdeorras - Trives	29.737	35.181	43.386	38.418	276.257	829,0%
XIV-Verín - Viana	109.407	89.369	211.945	87.238	560.027	411,9%
XV-A limia	47.162	50.710	34.296	45.806	45.517	-3,5%
Pontevedra	553.806	638.353	588.227	556.008	720.628	30,1%
XVI-Deza - Tabeirós	219.587	264.687	242.838	217.955	349.337	59,1%
XVII-O Condado - A Paradanta	82.013	69.707	62.053	69.428	68.556	-16,4%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	115.168	144.049	151.018	149.287	182.784	58,7%
XIX-Caldas - O Salnés	137.038	159.910	132.319	119.339	119.952	-12,5%
Total Galicia	4.130.612	4.494.645	3.814.310	3.809.929	4.671.374	13,1%

Fonte: Consellería do Medio Rural. Solicitudes de corta e datos dos alleamentos en montes de xestión pública 2021-25



Figura 5 A Coruña: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito




Figura 6 Lugo: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito






Figura 7 Ourense Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito




Figura 8 Pontevedra: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito






Figura 9 A Coruña: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito




Figura 10 Lugo: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito






Figura 11 Ourense: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito





Figura 12 Pontevedra: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito





Táboa 6 Galicia: Cortas publicas 2025 por distrito forestal e motivo da corta (m3)

	Aplicación distancias / infraestruturas	Prevenición contra incendios	Pragas / doenzas / temporal	Claras	Afectación lume	Cambio uso ou actividade	Quenda	TOTAL
A Coruña	139	30	3.653	713	251	337		5.124
I-Ferrol		30	2.178	344				2.552
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas					102			102
III-Santiago - Meseta Interior			1.476					1.476
IV-Barbanza	139			369	149			657
V-Fisterra						337		337
Lugo	1.099	50	1.912	4.235	50.770	6.784	1.698	66.548
VI-A Mariña Lucense			168					168
VII-Fonsagrada - Os Ancares			1.503		6.545	1.392		9.441
VIII-Terra de Lemos	937	50	120	2.471	44.226			47.804
IX-Lugo - Sarria	119		68	1.763				1.951
X-Terra Cha	42		52			5.392	1.698	7.184
Ourense	54		3.837	12.516	647.388	170	21.654	685.618
XI-O Ribeiro - Arenteiro				945	7.443		4.680	13.069
XII-Miño - Arnoia			272	708	435			1.414
XIII-Valdeorras - Trives			1.432	6.100	166.924		4.086	178.542
XIV-Verín - Viana	54		1.834	4.081	472.586	170	9.265	487.990
XV-A Ilimia			300	682			3.622	4.604
Pontevedra	267		87	7.441		1.983	17.648	27.426
XVI-Deza - Tabeirós						443	5.532	5.975
XVII-O Condado - A Paradanta			87	2.039		515		2.641
XVIII-Vigo - Baixo Miño	65			2.034			5.676	7.775
XIX-Caldas - O Salnés	202			3.368		1.025	6.439	11.034
TOTAL	1.560	80	9.489	24.904	698.410	9.274	40.999	784.716

Fonte: Sistema de indicadores. Consellería do Medio Rural no ano 2025



Táboa 7 Volume (m³) de aproveitamentos madeiros en montes de xestión privada por distrito e procedemento

	Autorización	Declaración responsable	TOTAL
A Coruña	1.077.394	3.189.926	4.267.320
I-Ferrol	223.686	646.056	869.742
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	247.643	878.480	1.126.123
III-Santiago - Meseta Interior	371.549	1.088.830	1.460.379
IV-Barbanza	114.103	236.148	350.251
V-Fisterra	120.413	340.412	460.824
Lugo	1.697.512	2.041.492	3.739.005
VI-A Mariña Lucense	302.429	686.337	988.766
VII-Fonsagrada - Os Ancares	239.563	241.350	480.913
VIII-Terra de Lemos	339.766	153.518	493.284
IX-Lugo - Sarria	464.283	452.130	916.413
X-Terra Cha	351.471	508.157	859.628
Ourense	437.272	249.605	686.877
XI-O Ribeiro - Arenteiro	48.336	43.399	91.735
XII-Miño - Arnoia	62.177	46.954	109.130
XIII-Valdeorras - Trives	75.677	58.363	134.040
XIV-Verín - Viana	204.513	88.250	292.763
XV-A limia	46.570	12.638	59.208
Pontevedra	680.262	609.186	1.289.447
XVI-Deza - Tabeirós	239.201	275.401	514.602
XVII-O Condado - A Paradanta	87.428	45.709	133.138
XVIII-Vigo - Baixo Miño	172.581	124.669	297.250
XIX-Caldas - O Salnés	181.051	163.406	344.457
TOTAL	3.892.440	6.090.209	9.982.648

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025

	Autorización	Declaración responsable	TOTAL
A Coruña	25%	75%	100%
I-Ferrol	26%	74%	100%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22%	78%	100%
III-Santiago - Meseta Interior	25%	75%	100%
IV-Barbanza	33%	67%	100%
V-Fisterra	26%	74%	100%
Lugo	45%	55%	100%
VI-A Mariña Lucense	31%	69%	100%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	50%	50%	100%
VIII-Terra de Lemos	69%	31%	100%
IX-Lugo - Sarria	51%	49%	100%
X-Terra Cha	41%	59%	100%
Ourense	64%	36%	100%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	53%	47%	100%
XII-Miño - Arnoia	57%	43%	100%
XIII-Valdeorras - Trives	56%	44%	100%
XIV-Verín - Viana	70%	30%	100%
XV-A limia	79%	21%	100%
Pontevedra	53%	47%	100%
XVI-Deza - Tabeirós	46%	54%	100%
XVII-O Condado - A Paradanta	66%	34%	100%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	58%	42%	100%
XIX-Caldas - O Salnés	53%	47%	100%
TOTAL	39%	61%	100%

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025



Táboa 8 Nº de expedientes de aproveitamentos madeiros en montes de xestión privada con afeccións

	Zona de policía de augas	Rede Natura	Camión	Patrimonio	Costas	Estradas	Organismo Corentena	TOTAL
A Coruña	5.929	501	630	2.185	114	1.429		10.793
I-Ferrol	1.608	286	9	424	35	473	2	2.837
II-Bergantiños - Mariñas Coruñas	1.586	91	123	670	26	359	---	2.855
III-Santiago - Meseta Interior	1.562	70	409	623	---	236	---	2.900
IV-Barbanza	581	30	42	303	38	255	3	1.252
V-Fisterra	592	24	47	165	15	106	---	949
Lugo	3.458	518	473	1.989	46	1.557		8.042
VI-A Mariña Lucense	1.453	131	88	411	44	638	---	2.765
VII-Fonsagrada - Os Ancares	87	104	14	149	1	112	---	467
VIII-Terra de Lemos	351	108	9	475	---	205	---	1.148
IX-Lugo - Sarria	816	47	317	581	---	323	---	2.084
X-Terra Cha	751	128	45	373	1	279	1	1.578
Ourense	895	120	41	568		410	531	2.569
XI-O Ribeiro - Arenteiro	166	11	10	136	2	94	192	611
XII-Miño - Arnoia	446	15	5	208	1	195	275	1.145
XIII-Valdeorras - Trives	134	39	5	83	---	30	---	291
XIV-Verín - Viana	20	10	16	61	---	34	1	142
XV-A Ilimia	129	45	5	80	1	57	63	380
Pontevedra	2.729	223	137	1.478	60	970	2.250	7.847
XVI-Deza - Tabeirós	953	107	39	564	---	347	7	2.017
XVII-O Condado - A Paradanta	178	10	4	135	---	87	552	966
XVIII-Vigo - Baixo Miño	703	41	67	290	10	215	1.526	2.852
XIX-Caldas - O Salnés	895	65	27	489	50	321	165	2.012
TOTAL	13.011	1.362	1.281	6.220	220	4.366	2.781	29.251

Nota: Un expediente pode ter máis dun tipo de afección

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025


Táboa 9 Volumes (m3) aproveitamentos madeiros en montes de xestión privada por motivo de D.R.

	Spp non Anexo I	Pregos condicións	IOXF aprobado	Uso doméstico	Expropiación	Obrigada execución	Fitosanitarias	Previam. autoriz.	TOTAL
A Coruña	1.857.028	1.182.995	93.441	6.849	64	41.185		7.828	3.189.926
I-Ferrol	357.920	272.406	5.052	499	---	5.111	315	4.754	646.056
II-Bergantiños - Mariñas Coruñas	561.224	301.115	1.958	1.123	26	12.840	---	195	878.480
III-Santiago - Meseta Interior	624.248	426.102	28.977	2.421	---	5.519	---	1.563	1.088.830
IV-Barbanza	107.486	69.591	40.778	1.773	37	15.419	222	841	236.148
V-Fisterra	206.151	113.781	16.677	1.032	---	2.295	---	475	340.412
Lugo	1.377.986	361.946	238.107	8.175	333	32.644		22.292	2.041.492
VI-A Mariña Lucense	360.846	268.622	32.075	290	---	23.753	---	751	686.337
VII-Fonsagrada - Os Ancares	203.817	17.696	16.531	625	11	1.162	---	1.508	241.350
VIII-Terra de Lemos	80.649	2.470	65.112	1.979	---	1.211	---	2.098	153.518
IX-Lugo - Sarria	346.451	42.308	49.285	2.659	322	2.260	---	8.844	452.130
X-Terra Cha	386.224	30.850	75.103	2.622	---	4.258	10	9.091	508.157
Ourense	95.020	3.300	111.105	14.362		14.048	403	11.331	249.605
XI-O Ribeiro - Arenteiro	25.163	2.218	10.219	938	---	4.214	208	440	43.399
XII-Miño - Arnoia	29.146	815	5.463	3.601	3	6.429	185	1.310	46.954
XIII-Valdeorras - Trives	15.511	124	31.796	3.334	6	622	---	6.970	58.363
XIV-Verín - Viana	18.859	---	63.065	3.309	---	402	6	2.610	88.250
XV-A Ilimia	6.340	144	561	3.180	27	2.381	5	0	12.638
Pontevedra	259.964	135.262	154.090	5.557	309	42.005	3.504	8.495	609.186
XVI-Deza - Tabeirós	163.539	89.513	5.852	1.567	309	12.561	4	2.056	275.401
XVII-O Condado - A Paradanta	13.212	1.183	24.239	627	---	4.436	1.572	441	45.709
XVIII-Vigo - Baixo Miño	12.752	1.910	88.056	1.044	---	14.101	1.702	5.104	124.669
XIX-Caldas - O Salnés	70.460	42.656	35.943	2.318	---	10.907	226	895	163.406
TOTAL	3.589.997	1.683.503	596.743	34.942	706	129.882	3.907	49.946	6.090.209

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025

ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O CONCELLO

Figura 13 Curvas de Lorenz das cortas de madeira para 2025 por concello por formación



Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025

A curva de Lorenz é unha representación gráfica que se usa con frecuencia para capturar a distribución relativa dunha variable nun dominio determinado. A curva trazaríase considerando no eixe horizontal a porcentaxe acumulada de elementos do dominio en cuestión e no eixe vertical a porcentaxe acumulada do parámetro a medir. Canto máis se afasta a curva da liña diagonal, maior será a desigualdade na distribución. Neste caso o eixo horizontal contempla a porcentaxe en número de concellos e o eixe vertical a porcentaxe das cortas de madeira de Galicia para cada formación específica dominante.

Segundo estes datos, a distribución das cortas privadas en Galicia en 2025 amosa unha forte concentración territorial. Apenas 19 concellos (unha pequena parte do total) concentran o 25% do volume total de cortas, mentres que 50 concellos xa suman a metade (50%) e 95 concellos alcanzan o 75%. Isto indica que a actividade forestal privada está moi focalizada nun número relativamente baixo de municipios, deixando o resto do territorio con volumes moito máis modestos.

Por especies, obsérvanse patróns moi diferentes. O *Pinus radiata* e, sobre todo, o *Pinus sylvestris* presentan unha concentración extrema: 5 concellos xa acaparan o 25% das cortas de *P. radiata* e só 2 concellos o 25% das de *P. sylvestris*. Pola contra, o *Pinus pinaster* e as frondosas caducifolias mostran unha distribución máis repartida. O eucalipto sitúase nun punto intermedio.



De xeito resumido as distribución das cortas privadas por concello aporta estes datos:

- As cortas en 19 concellos supuxeron o 25% do volume total de cortas privadas en 2025
- As cortas en 50 concellos supuxeron a metade (50%) do volume de cortas privadas en 2025.
- As cortas en 95 concellos supuxeron o 75% do volume de cortas privadas en 2025.
- *Pinus pinaster*: 8 concellos concentran o 25%, 30 o 50% e 82 o 75% das cortas privadas.
- *Pinus radiata*: 5 concellos concentran o 25%, 15 o 50% e 35 o 75% das cortas privadas.
- *Pinus sylvestris*: 2 concellos concentran o 25%, 4 o 50% e 9 o 75% das cortas privadas.
- *Eucalyptus* spp. 16 concellos concentran o 25%, 38 o 50% e 72 o 75% das cortas privadas.
- Frondosas caducifolias: 10 concellos concentran o 25%, 31 o 50% e 80 o 75% das cortas privadas.

A modo de comparación cabe salientar que segundo os datos da Estatística Forestal Nacional publicados polo “Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico” (MITECO) correspondentes ao ano 2023, as cortas privadas anuais no concello de a Fonsagrada (198.884 m³ - 2025) serían superiores ás cortas totais de sete Comunidades Autónomas: Illas Baleares, Rexión de Murcia, Canarias, Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana, A Rioxa e Extremadura.

A táboa seguinte amosa para cada formación específica os 20 concellos con máis volume de aproveitamento en montes de xestión privada. A súa análise confirma unha alta concentración da produción forestal de xestión privada. No total xeral, o primeiro concello (Fonsagrada) case alcanza os 199 mil m³, e os 10 primeiros concellos suman máis de 1.300.000 m³, o que representa unha parte moi importante do volume total. Os líderes son: Fonsagrada (A): 198.884, Ortigueira: 167.165, O Pino: 150.029, Quiroga: 149.696, Laza: 144.980

Análise por especies:

- *Pinus pinaster*: Destaca a presenza de concellos de Ourense e algúns da zona sur da provincia de Pontevedra. Sendo os concellos con máis cortas desta especie no 2025 Laza (137.922) e Quiroga (112.883). Obviamente, na distribución das cortas tiveron especial incidencia os incendios de Agosto de 2025 en Ourense e a presenza de concellos como Laza, Quiroga, Pantón, Rúa (A), Vilamartín de Valdeorras, Sober, Monterrei ou Castrelo do Val ven explicada en certa medida por eles.
- *Pinus radiata*: Moi concentrada no norte e interior de Lugo. Fonsagrada (142.839) domina con claridade. Séguenlle Forcarei, Baleira, Lugo e Friol. É a especie que máis volume achega na zona oriental lucense. A incidencia de enfermidades fúnxicas foliares (banda marrón) nesta especie pode ter influído nos volumes de corta en algúns dos concellos referidos.
- *Pinus sylvestris*: Case toda a produción está en concellos de montaña do oriente ourensán-lugués: Mezquita (42.502), Veiga (31.945), Viana do Bolo e Rúa suman a maior parte. Neste caso a necesidade de aproveitamento da madeira afectada polos incendios de Agosto de 2025 poden ter influído.
- *Eucalyptus* spp: Os concellos con maior volume de corta de están no terzo norte, nomeadamente na provincia de A Coruña. Ortigueira (158.185) é o concello co maior volume seguido de O Pino, Oza-Cesuras, Ordes e Santa Comba.
- Frondosas caducifolias: Os aproveitamentos nestas formacións son moito máis modestos. Lugo (10.054) e Vilalba (7.138) son os concellos co maior volume.



Táboa 10 Top 20 Concellos en cortas de madeira en 2025

<i>Pinus pinaster</i>		<i>Pinus radiata</i>		<i>Pinus sylvestris</i>	
Laza	137.922	Fonsagrada (A)	142.839	Mezquita (A)	42.502
Quiroga	112.883	Forcarei	91.358	Veiga (A)	31.945
Estrada (A)	74.931	Baleira	87.260	Viana do Bolo	19.568
Oia	43.039	Lugo	73.949	Rúa (A)	16.018
Pantón	42.809	Corgo (O)	66.018	Fonsagrada (A)	15.859
Carballo	38.838	Friol	58.497	Muras	8.648
Vila de Cruces	35.779	Outeiro de Rei	55.990	Cervantes	8.164
Lalín	34.064	Guitiriz	53.039	Incio (O)	7.755
Agolada	32.746	Castroverde	50.179	Pontenova (A)	6.327
Rúa (A)	31.272	Pontenova (A)	45.579	Baleira	5.802
Vilamartín de Valdeorras	30.092	Xermade	42.873	Laza	5.436
Outes	28.850	Pol	42.034	Vilar de Barrio	5.115
Cabana de Bergantiños	28.549	Monforte de Lemos	40.324	Vilamartín de Valdeorras	4.448
Touro	27.638	Castro de Rei	39.732	Blancos (Os)	4.436
Sober	26.079	Begonte	37.382	Nogais (As)	3.635
Monterrei	25.960	Vilalba	36.452	Negueira de Muñiz	3.522
Monforte de Lemos	25.354	Pontes de García Rodríguez (As)	31.408	Quiroga	3.339
Castrelo do Val	25.162	Guntín	28.927	Ribeira de Piquín	2.090
Muxía	23.658	Quiroga	27.609	Piñor	1.460
Vimianzo	23.310	Pastoriza (A)	26.189	Ouro	1.022

<i>Eucalyptus spp</i>		<i>Fronosas caducifolias</i>		TOTAL	
Ortigueira	158.185	Lugo	10.054	Fonsagrada (A)	198.884
Pino (O)	138.858	Vilalba	7.138	Ortigueira	167.165
Oza-Cesuras	125.056	Pantón	6.501	Pino (O)	150.029
Ordes	110.618	Sarria	6.298	Quiroga	149.695
Santa Comba	92.949	Castroverde	6.189	Laza	144.980
Boimorto	85.631	Lalín	5.654	Lugo	140.372
Carballo	79.789	Corgo (O)	5.165	Estrada (A)	136.146
Trabada	78.630	Quiroga	5.102	Oza-Cesuras	134.032
Touro	78.331	Santiago de Compostela	4.493	Carballo	133.126
Palas de Rei	78.290	Palas de Rei	4.423	Guitiriz	130.187
Santiago de Compostela	76.609	Guntín	4.171	Friol	128.364
Aranga	73.424	Begonte	4.140	Forcarei	122.999
Tordoia	70.948	Friol	3.823	Ordes	122.381
Cerdido	69.572	Estrada (A)	3.462	Pontenova (A)	122.357
Ouro	69.242	Láncara	3.158	Baleira	116.307
Mesía	68.210	Becerreá	3.122	Vilalba	116.303
Guitiriz	68.200	Pol	2.883	Touro	114.917
Cedeira	67.946	Guitiriz	2.867	Palas de Rei	105.575
Pontenova (A)	67.229	Chantada	2.641	Santa Comba	102.395
Monfero	66.387	Incio (O)	2.565	Castroverde	100.641

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025



ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO

No ano 2011, Eurostat xunto con outros organismos da UE e a OCDE elaboraron unha nova metodoloxía común da Clasificación do grao de urbanización. Esta metodoloxía aplicouse polo IGE¹ para clasificar os concellos galegos segundo o grao de urbanización. Esta metodoloxía clasifica os concellos baseándose nunha combinación de criterios de contigüidade xeográfica e de limiares mínimos de poboación, aplicados a unha cuadrícula de celas de poboación de 1 km². Este enfoque, evita as distorsións ocasionadas polo uso de unidades territoriais que varían en superficie e/ou forma.

As categorías defínense a partir da densidade de poboación do xeito seguinte:

- Zonas densamente poboadas (ZDP): conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./Km² e unha poboación total para a zona de alomenos 50.000 habitantes.
- Zonas intermedias (ZIP): son os conxuntos que non pertencen a unha zona densamente poboadada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./ Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboadada densamente.
- Zonas pouco poboadas (ZPP): son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

Para afinar máis na clasificación de grao de urbanización, estableceuse un segundo nivel denominado subgrao de urbanización para as categorías ZIP e ZPP.

Dentro das áreas clasificadas como ZPP, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km² (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km²) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificáranse como:

- ZPP alta se contan con máis do 50% en conglomerados semiurbanos de primeira categoría (>5.000 hab)
- ZPP intermedia se contan con máis do 50% en conglomerados semiurbanos de segunda categoría (>2.000 hab)
- ZPP baixa o resto

Dentro das zonas ZIP

- ZIP altas, consideráronse as que contan con máis de 50% en conglomerados supraurbanos (>10.000 hab).
- ZIP baixas o resto.

¹ https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf



Táboa 11 Distribución das cortas privadas por grao de urbanización

	Zona densamente poboada (ZDP)	Zonas Intermedias (ZIP)			Zonas Pouco Poboadas (ZPP)				Total
		ZIP	ZIP alta	ZIP baixa	ZPP	ZPP alta	ZPP intermedia	ZPP baixa	
<i>Pinus pinaster</i>	35.928	378.357	279.057	99.300	1.643.463	260.738	296.631	1.086.094	2.057.748
<i>Pinus radiata</i>	78.936	145.933	90.429	55.505	1.606.986	64.964	111.427	1.430.595	1.831.856
<i>Pinus sylvestris</i>	32	489	138	351	203.214	38	19.439	183.738	203.736
Outras / Mistura Coníferas	865	4.042	2.985	1.057	46.488	1.643	2.552	42.294	51.394
<i>Eucalyptus spp</i>	183.650	881.844	475.177	406.667	4.525.108	570.655	665.487	3.288.966	5.590.601
Fronosas caducifolias	15.709	28.892	21.231	7.661	186.240	18.608	16.791	150.842	230.841
Outras frondosas non caducifolias	1.663	6.422	2.947	3.475	8.312	1.576	1.175	5.561	16.396
Outras	-	14	13	1	63	7	9	47	77
TOTAL	316.783	1.445.992	871.977	574.015	8.219.873	918.227	1.113.511	6.188.135	9.982.648

	Zona densamente poboada (ZDP)	Zonas Intermedias (ZIP)			Zonas Pouco Poboadas (ZPP)				Total
		ZIP	ZIP alta	ZIP baixa	ZPP	ZPP alta	ZPP intermedia	ZPP baixa	
<i>Pinus pinaster</i>	2%	18%	14%	5%	80%	13%	14%	53%	100%
<i>Pinus radiata</i>	4%	8%	5%	3%	88%	4%	6%	78%	100%
<i>Pinus sylvestris</i>	0%	0%	0%	0%	100%	0%	10%	90%	100%
Outras / Mistura Coníferas	2%	8%	6%	2%	90%	3%	5%	82%	100%
<i>Eucalyptus spp</i>	3%	16%	8%	7%	81%	10%	12%	59%	100%
Fronosas caducifolias	7%	13%	9%	3%	81%	8%	7%	65%	100%
Outras frondosas non caducifolias	10%	39%	18%	21%	51%	10%	7%	34%	100%
Outras	0%	18%	17%	1%	82%	9%	12%	61%	100%
TOTAL	3%	14%	9%	6%	82%	9%	11%	62%	100%

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural : ano 2025


Esta táboa amosa que a actividade forestal privada en Galicia está altamente concentrada en zonas pouco poboadas (ZPP). Do volume total de cortas:82% realízase en Zonas Pouco Poboadas. Apenas un 3% ten lugar en Zonas Densamente Poboadas (ZDP). O 14% corresponde a Zonas Intermedias.

Isto reflicte a natureza rural da produción madeireira galega, que se desenvolve principalmente en concellos do interior e zonas de montaña con baixa densidade de poboación.

Análise por especies:

- *Pinus sylvestris*: É a máis extrema. O 100% das súas cortas realízanse en ZPP, e o 90% en ZPP baixa. Confirma que esta especie se localiza en zonas de montaña moi rurais e pouco poboadas.
- *Pinus radiata*: 88% en ZPP (78% en ZPP baixa). Tamén moi vinculada a zonas rurais do interior.
- *Pinus pinaster*: 80% en ZPP, pero presenta algo máis de presenza en zonas intermedias (18%).
- *Eucalyptus spp.*: 81% en ZPP, aínda que ten unha presenza lixeira maior en ZDP (3%) e zonas intermedias (16%) que os piñeiros probablemente moi vencellada a súa tradicional presenza en áreas costeiras.
- Fronosas caducifolias: O 81% das cortas son en ZPP aínda que un 7% en ZDP.

Figura 14 Mapa de Concellos segundo o seu grado de urbanización (IGE)





ANALISE DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS NO CONTEXTO ESPAÑOL

As cifras de cortas de madeira en España amosan unha forte concentración territorial e unha evolución moi condicionada polo ciclo económico, pola demanda industrial e polo peso estrutural do sector forestal nas rexións atlánticas. Entre 2005 e 2023 (ultimo ano recollido no Anuario Forestal publicado polo MITECO en 2025) obsérvase con claridade o liderado de Galicia, que se consolida como a principal potencia forestal do Estado, situándose moi por riba do resto de comunidades autónomas tanto en volume de produción como en capacidade industrial asociada.

Galicia pasa de rexistrar arredor de 5,7 millóns de m³ de madeira cortada en 2005 a achegarse aos 9,75 millóns en 2023, despois de acadar un máximo histórico próximo aos 11 millóns de m³ en 2022. Máis alá das oscilacións anuais, a tendencia estrutural é claramente ascendente. Mesmo tras o impacto da crise económica de 2008-2009, o sector conseguiu recuperar rapidamente o dinamismo e manter unha senda de crecemento sostido ao longo da última década. Na práctica, Galicia concentra aproximadamente a metade de toda a madeira cortada en España, o que a converte nun actor estratéxico non só a escala estatal, senón tamén no contexto europeo do sur atlántico.

Nun segundo chanzo sitúase Castela e León, aínda que a considerable distancia de Galicia. A comunidade experimenta un crecemento importante entre 2005 e mediados da década de 2010, superando os 2,6 millóns de m³ en 2015 e acadando un novo máximo en 2022 con arredor de 2,59 millóns. Porén, a evolución é máis irregular e sensible ás variacións económicas e ás condicións ambientais, rexistrando en 2023 unha caída significativa ata os 1,54 millóns de m³. O sector forestal castelán-leonés destaca principalmente pola importancia das masas de piñeiro e polo peso da actividade forestal en zonas montañosas e do norte da comunidade, onde a silvicultura constitúe unha actividade económica relevante para o medio rural.

O País Vasco presenta unha traxectoria singular. Tras unha forte caída entre 2005 e 2008, a comunidade inicia unha recuperación progresiva e sostida que culmina en valores superiores aos 2,5 millóns de m³ entre 2018 e 2019. Posteriormente, a tendencia volve moderarse, especialmente en 2023. A evolución vasca reflicte a relevancia das plantacións forestais intensivas, especialmente de piñeiro radiata, unha especie fundamental para a industria da madeira da comunidade. Ao mesmo tempo, tamén evidencia a vulnerabilidade do modelo fronte a factores externos, como a aparición de enfermidades forestais, os cambios nos mercados internacionais ou as alteracións nos prezos da madeira.

O Principado de Asturias mantén un perfil máis estable e moderado ao longo do período analizado. Tras rexistrar volumes inferiores ao millón de m³ nos primeiros anos da serie, consegue superar lixeiramente os 1,2 millóns entre 2018 e 2022, aínda que tamén experimenta un retroceso en 2023. A súa evolución é menos expansiva que a galega, mais relativamente sólida dentro do contexto español. O aproveitamento forestal asturiano baséase igualmente nunha combinación de masas de eucalipto e coníferas, aínda que cun menor nivel de intensidade produtiva e cun tecido industrial menos dimensionado.

Cataluña presenta unha dinámica máis estable e contida, movéndose xeralmente entre os 500.000 e os 850.000 m³ anuais. Non amosa un crecemento estrutural tan intenso como o das rexións atlánticas, aínda que si se aprecia unha certa recuperación desde 2010, especialmente nos últimos anos. Esta evolución responde a un modelo forestal diferente, condicionado por factores ambientais, orográficos e pola elevada




prioridade das políticas de prevención de incendios. A función protectora e ambiental do monte ten aquí un peso relativamente maior fronte á orientación estritamente produtiva.

Cantabria rexistra volumes máis modestos e cunha elevada variabilidade interanual. A pesar de alcanzar cifras relativamente elevadas nalgúns exercicios concretos, como 2014 ou 2022, non se observa unha senda clara de crecemento sostido. A actividade forestal cántabra depende en maior medida das condicións conxunturais do mercado e da evolución puntual dos aproveitamentos.

Finalmente, o grupo correspondente ao “Resto” de comunidades autónomas evidencia unha forte dispersión territorial e unha evolución irregular ao longo do período. Fóra das principais rexións madeireiras españolas, a actividade forestal adoita presentar unha menor intensidade produtiva e unha orientación menos industrializada. Ademais, os volumes de corta dependen frecuentemente de aproveitamentos puntuais, da incidencia de incendios forestais, temporais ou perturbacións naturais, así como de cambios conxunturais nos mercados da madeira e da biomasa.


Figura 15 Evolución das cortas de madeira en España por CC.AA. 2005-2023 (m3)



Fonte: Anuarios de Estadística Forestal 2005-2024. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Entre 2005 e 2023, Galicia concentrou de maneira moi maioritaria as cortas de madeira do conxunto do Estado, situándose case todos os anos por riba do 50 % do total. Isto reflicte o forte peso estrutural do sector forestal galego en España, tanto pola superficie produtiva como pola intensidade do aproveitamento.

Figura 16 Contribución das cortas de madeira en Galicia respecto ao total de España (%)



Fonte: Anuarios de Estatística Forestal 2005-2024. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

A evolución presenta varias etapas claras. Entre 2005 e 2010 mantense nun nivel elevado e bastante estable, con valores entre o 55 % e o 60 %, acadando o máximo da serie en 2008 (60 %). A partir de 2011 obsérvase unha caída progresiva da participación galega, ata acadar o mínimo en 2014 (47 %), o que indica unha maior contribución relativa do resto das comunidades autónomas nese período. Desde 2015 comeza unha recuperación gradual, con cifras que volven superar o 50 % e se estabilizan arredor do 54 % entre 2017 e 2019. En 2020 prodúcese un salto significativo ata o 61 %, o valor máis alto de toda a serie, probablemente asociado a factores conxunturais que afectaron de maneira desigual á actividade forestal. Nos anos seguintes obsérvase unha certa corrección, aínda que mantendo niveis altos, pechando 2023 cun 58 %.

As cortas de madeira de **coníferas** en Galicia tiveron un peso moi relevante dentro do conxunto estatal durante todo o período 2005-2023, aínda que cunha perda de peso relativo respecto dos máximos acadados a finais da década dos 2000. Ao comezo da serie, Galicia representaba o 39 % das cortas de



coníferas fronte ao 61 % do resto das comunidades autónomas. Porén, entre 2005 e 2009 produciuse un forte incremento da súa participación, acadando un máximo do 54 % en 2009, o que indica que máis da metade das cortas de coníferas do estado se realizaban en Galicia.

A partir de 2010 obsérvase unha tendencia descendente, con certa volatilidade interanual. O peso galego reduciuse progresivamente ata situarse arredor do 37-38 % entre 2014 e 2016, recuperándose parcialmente nalgúns anos posteriores. Destacan os repuntes de 2017, 2020, 2021 e especialmente de 2023, cando Galicia volve acadar o 42 % do total estatal.

As estatísticas amosan que Galicia concentra de maneira moi dominante as cortas de **frondosas** do estado, achegando de forma sostida máis da metade do total estatal durante todo o período 2005-2023. Ademais, esta participación non só se mantén, senón que presenta unha clara tendencia ascendente: pasa do 58 % en 2005 ao 77 % en 2023, chegando incluso a un máximo do 82 % en 2020. A partir de 2008 Galicia xa supera o 70 % nalgúns exercicios e, desde 2017, consolídase de forma estable por riba dos dous terzos do total estatal.

Non obstante, para interpretar adecuadamente estes datos debe terse en conta que nas estatísticas estatais a categoría de “frondosas” inclúe tamén o eucalipto.


ANÁLISE DAS CORTAS ANUAIS SEGUNDO O MADEIRISTA.

Nas solicitudes de corta rexistradas na Consellería do Medio Rural en 2025 rexistráronse 758 persoas físicas e xurídicas identificadas na condición de *maderista* que son responsables do aproveitamento de 9.899.850 m³ de madeira. Os restantes 63.350 m³ non teñen asignado maderista na solicitude.

O volume medio de aproveitamento por maderista no ano 2025 é de 13.060 m³

Do mesmo xeito que o traballo feito sobre os concellos nas páxinas precedentes, levouse a cabo unha análise sobre a desigualdade da distribución da madeira aproveitada por maderista.

Figura 17 Curva de Lorenz das cortas de madeira en montes privados 2025 por maderista



A curva obtida é claramente representativa dunha distribución moi desigual. A empresa que máis madeira adquiriu en 2025 adquiriu un 7,8%. Conxuntamente entre as 10 maiores empresas adquiriron un 34%. E, no extremo oposto da curva pódese determinar que o 80% dos maderistas rexistrados nas solicitudes adquiren conxuntamente só o 15% da madeira.

Destas cifras pódese inferir que aínda que existen grandes empresas compradoras, estas non son capaces de controlar unha maioría dos aproveitamentos. Asemade, resulta evidente que algúns operadores traballan con volumes moi escasos, o que ademais pode ser debido a tratarse de empresas que cortan a madeira como resultado doutros traballos (agricultura, obra pública, mantemento de liñas eléctricas, ...) ou para destinos non industriais (leñas, etc...).

A distribución indica a importancia do estrato intermedio de empresas profesionais (un 20%) que son responsables do 50% do volume aproveitado.



INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA


INDUSTRIA FORESTAL – MADEIRA

FACTURACION DA CADEA PRINCIPAL DE VALOR FORESTAL-MADEIRA

Os datos de facturación agregada correspondentes ao exercicio 2025 amosan unha situación de relativa estabilidade na cadea de valor forestal-madeira, cun volume total de facturación de 2.462 millóns de euros, nun contexto internacional marcado pola incerteza económica, a desaceleración económica europea, a persistencia de incertezas xeopolíticas e os cambios nas políticas comerciais e arancelarias internacionais. Aínda que esta cifra representa unha lixeira diminución respecto de 2024 (2.487 M€) evidencia xunto con 2023 (2.436 M€) unha notable estabilidade estrutural do sector tras os fortes axustes e volatilidades experimentados nos últimos anos.

Pese ao descenso respecto aos máximos excepcionais de 2021 e especialmente 2022 —anos fortemente condicionados polo incremento extraordinario dos prezos, a elevada demanda internacional e as disrupcións das cadeas loxísticas globais posteriores á pandemia— o sector amosa unha clara capacidade de resiliencia e adaptación. A estabilización arredor dos 2.500 millóns de euros debe interpretarse en termos positivos, xa que supón a consolidación dunha dimensión económica superior á existente antes da pandemia e confirma a fortaleza competitiva das industrias forestais.


Figura 18 Evolución da facturación agregada da cadea de valor Forestal Madeira por subsectores



Sen datos para Biomasa anteriores a 2020

2022** cifras estimativas extrapolando á fin de 2022

Figura 19 Evolución da facturación estimada da cadea de valor Forestal Madeira por subsectores



Por subsectores, Taboleiro e Pasta continúa sendo o principal motor económico da cadea forestal-industrial galega, cunha facturación de 958 millóns de euros en 2025. Aínda que se observa unha lixeira redución respecto a 2024 (1.012 M€), os valores mantéñense claramente por riba da maior parte da serie histórica previa a 2020. Sen embargo en ambas actividades a situación no 2025 foi distinta xa que a pasta de papel foi máis penalizada pola evolución desfavorable dos prezos da celulosa a nivel mundial. Malia todo o subsector evidencia así unha estabilización tras os elevados niveis acadados durante o período 2021-2022. Cómpre lembrar que, tras a forte caída producida durante a crise financeira de 2008-2013, esta actividade foi unha das primeiras en recuperar dinamismo, consolidando unha tendencia estruturalmente positiva sustentada na capacidade exportadora, na diversificación de mercados e no crecente papel dos produtos derivados da madeira na bioeconomía.

O subsector de Aserrado presenta unha evolución particularmente destacable no período recente. En 2025 alcanza os 381 millóns de euros, mellorando lixeiramente os 377 M€ de 2024 e mantendo os niveis de 2023 (365 M€) claramente por riba dos rexistros previos á pandemia. Aínda que lonxe dos máximos extraordinarios de 2021 e 2022, cando o mercado internacional da madeira experimentou fortes tensións de prezos e demanda, o comportamento actual reflicte unha certa consolidación da actividade e unha adaptación progresiva a un escenario de mercado máis normalizado.

Os Rematantes amosan unha evolución especialmente positiva no período recente. En 2025 acadan os 459 millóns de euros, fronte aos 425 M€ de 2024 e 423 M€ de 2023, o que supón unha recuperación clara e un retorno a niveis próximos aos máximos históricos. Cómpre lembrar que este subsector está directamente vinculado ás cortas forestais e á comercialización de madeira en rolo, polo que a súa evolución responde fundamentalmente ao incremento da actividade extractiva e á forte demanda de materia prima por parte das industrias de transformación. Neste sentido, o mantemento de prezos



relativamente elevados da madeira, mesmo tras a corrección dos mercados internacionais posteriores a 2022, permitiu consolidar unha facturación elevada. A combinación dun aumento das cortas e dunha demanda industrial sostida explica así o bo comportamento do subsector durante 2025.

A 2ª Transformación mantense tamén nun nivel elevado e relativamente estable, cunha facturación de 596 millóns de euros en 2025. Aínda que supón unha lixeira diminución respecto aos 602 M€ de 2024 e os 605 M€ de 2023, os datos consolidan claramente a recuperación iniciada tras a pandemia. Debe lembrarse que este subsector foi un dos máis afectados pola crise de 2008, chegando a reducir a súa actividade á metade respecto aos valores iniciais da serie. O feito de manter actualmente cifras próximas aos 600 millóns de euros representa, polo tanto, un indicador moi positivo da recuperación da capacidade produtiva e comercial das empresas vinculadas á transformación avanzada e ao mobiliario.

Pola súa banda, o subsector de **Biomasa**, incorporado máis recentemente ás estatísticas sectoriais, presenta unha evolución moderadamente descendente nos últimos anos, pasando de 73 M€ en 2023 a 71 M€ en 2024 e 68 M€ en 2025. Esta evolución está moi condicionada pola situación do mercado eléctrico e pola progresiva normalización dos prezos enerxéticos tras os fortes incrementos rexistrados nos anos inmediatamente posteriores á pandemia e á crise enerxética europea. A menor tensión nos mercados da electricidade e a redución dos prezos da enerxía afectan directamente á rendibilidade dalgúns actividades vinculadas á valorización enerxética da biomasa.

En conxunto, os datos de 2025 permiten falar dunha fase de estabilización e madurez do sector forestal-industrial galego. Fronte ao carácter excepcional dos anos 2021-2022, marcados por incrementos extraordinarios de prezos e tensións nos mercados globais, o período 2023-2025 caracterízase por unha maior normalización da actividade e por unha notable estabilidade en practicamente todos os subsectores. Esta evolución resulta especialmente significativa tendo en conta o contexto internacional adverso vivido en 2025, dominado pola desaceleración económica europea, a persistencia de incertezas xeopolíticas e os cambios nas políticas comerciais e arancelarias internacionais.


O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL COMO INDICADOR DE ACTIVIDADE

O Índice de Producción Industrial (IPI) é unha medida da actividade económica do sector industrial dun país. Calcúlase como a variación porcentual do volume de produción no sector industrial nun período de tempo determinado en relación co mesmo período dun ano anterior.

O índice de produción industrial utilízase como indicador do estado da economía dun país, xa que o sector industrial adoita ser un dos máis importantes na maioría das economías modernas. Un aumento do índice de produción industrial adoita indicar unha economía en crecemento e un aumento da demanda de bens e servizos, mentres que unha diminución do índice pode ser un sinal dunha economía en dificultades.

O índice de produción industrial pode variar en función de diversos factores, como o ciclo económico, o nivel de demanda, o nivel de competencia, a dispoñibilidade de man de obra e a tecnoloxía. Ademais, tamén pode verse afectado por factores externos, como a política monetaria e fiscal, a inflación e as flutuacións do mercado de divisas.


Figura 20 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2016-2025



Na industria da madeira (CNAE16), o período 2024–2025 reflicte un ciclo de recuperación incompleto. En 2024 a tendencia xeral é claramente ascendente: tras un punto de partida débil, a actividade vai gañando tracción de maneira sostida ao longo do ano, o que suxire unha fase de reconstrución da demanda ou da produción tras un ciclo previo máis adverso. Non obstante, esta recuperación perde forza ao achegarse ao final do ano, sen chegar a consolidar un novo chan elevado. En 2025, a tendencia cambia

de forma sutil pero importante: aínda se observa capacidade de rebote nos primeiros compases do ano, pero xa non hai continuidade ascendente. O comportamento global pasa a ser máis lateral, con avances que non se sosteñen no tempo, o que indica un sector en fase de estabilización máis que de expansión.


Figura 21 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2016-2025



No sector da pasta e papel (CNAE17) a dinámica é distinta. En 2024 predomina unha tendencia de estabilidade, cun nivel de actividade relativamente constante ao longo do ano e sen sinais claros nin de expansión nin de contracción. Trátase dun comportamento típico dun sector maduro, no que os movementos de curto prazo non se traducen en cambios estruturais. En 2025, con todo, especialmente no segundo semestre, debido a coxuntura de prezos globais da celulosa, cambia a tendencia de estabilidade pou unha de debilitamento progresivo na ocupación da capacidade industrial.

A fabricación de mobles (CNAE31) presenta o comportamento máis dinámico e claramente cíclico. En 2024 a tendencia é netamente expansiva: a actividade industrial acelérase de forma sostida ao longo do ano, indicando unha fase de crecemento real da demanda e da produción, máis alá de movementos estacionais. Esta expansión non é lineal, pero si consistente na dirección ascendente do ciclo. En 2025 obsérvase unha transición: a tendencia inicial segue sendo positiva, o que suxire continuidade do ciclo expansivo, pero a partir dun punto intermedio comeza a aparecer unha perda de impulso. Isto tradúcese nunha fase final de corrección ou normalización, na que o sector pasa a estabilizarse nun nivel inferior ao pico previo, aínda mantendo unha actividade relativamente elevada en termos históricos.

Figura 22 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2016-2025





COMERCIO EXTERIOR

Os datos de comercio exterior apuntan a unha lectura clara de consolidación e madurez do sector exterior, especialmente se se observa a evolución estrutural das partidas 44, 47 e 94 ao longo de 2000–2025.

En primeiro lugar, o conxunto destas tres categorías pasa de 441.087,4 en 2000 a 1.241.954,7 en 2025, o que supón practicamente triplicar o volume agregado, coas exportacións totais acadando os 1.200 M€ e multiplican por tres as cifras de comezos de século. Este crecemento non é só cuantitativo, senón tamén cualitativo, xa que se aprecia unha maior importancia de produtos de maior valor engadido.

A evolución por produtos é especialmente reveladora:

- Madeira e manufacturas (44): medra de forma sostida a longo prazo, con certa volatilidade en anos de crise, pero rematando en 2025 con 660.710,7, case o triplo que en 2000. Isto indica unha base produtiva estable e resiliente.
- Pastas e papel (47): mostra un comportamento máis irregular, con picos e caídas (especialmente despois de 2010), sen unha tendencia claramente expansiva, o que suxire un sector máis exposto á demanda global e aos ciclos industriais.
- Mobles (94): é o gran vector de transformación. Pasa de 52.919,2 en 2000 a 422.982,8 en 2025, multiplicándose por máis de oito. Isto confirma a tese dun crecemento ligado non só ao volume senón ao incremento do valor unitario e da transformación industrial, especialmente relevante no contexto de bens de consumo e segunda transformación.

En termos macro, estes datos encaixan cun escenario 2025 marcado por incremento de aranceis e novas barreiras comerciais, no que o sector exterior mantén unha aparente resiliencia, sostendo niveis elevados de exportación.

Ao mesmo tempo, o feito de que o saldo exportacións-importacións supere os 700 M€ reforza a posición competitiva, aínda que a evolución das importacións —en especial no Taric 94 (mobles e segunda transformación)— apunta a unha dinámica interesante: existe unha crecente demanda interna que podería estar sinalando oportunidades de desenvolvemento do mercado doméstico, pero tamén unha maior competencia externa.

Finalmente, a estabilidade do peso relativo sobre o total (arredor do 4% nos últimos anos) suxire que, malia o crecemento en valor absoluto, o sector mantén unha importancia estrutural constante dentro do comercio global, sen perder posición pero tampouco aumentando significativamente a súa cota.

En conxunto, o escenario describe un sector que medra, se transforma e resiste ben o contexto internacional, pero que entra nunha fase na que a evolución de 2026 será clave para confirmar se esta traxectoria se consolida ou se frea ante a presión arancelaria e a desaceleración do comercio global.

Figura 23 Evolución das exportacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)




Figura 24 Evolución acumulada das exportacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)




Figura 25 Evolución das importacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)




Figura 26 Evolución acumulada das importacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)







Figura 27 Evolución do balance comercial GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)




DEMOGRAFIA EMPRESARIAL

Táboa 12 Empresas por actividade CNAE2009

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
02 Silvicultura e explotación forestal	1.144	1.251	1.366	1.389	1.485	1.475	1.570	1.685	1.663	1.674
02.1 Silvicultura e outras actividades forestais	147	173	213	250	313	331	368	405	436	464
02.2 Explotación da madeira	242	250	254	261	265	265	272	258	247	229
02.3 Recolectión de produtos silvestres, agás madeira	3	4	3	6	10	8	8	8	9	6
02.4 Servizos de apoio á silvicultura	752	824	896	872	897	871	922	1.014	971	975
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría [+]	1.185	1.136	1.117	1.110	1.097	1.051	1.018	984	909	893
16.1 Serradura e cepilladura da madeira	347	340	347	347	345	326	315	308	281	273
16.2 Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestería e espartaría	838	796	770	763	752	725	703	676	628	620
17 Industria do papel [+]	56	52	48	49	51	48	49	49	51	45
17.1 Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón	7	8	8	6	7	7	7	7	7	7
17.2 Fabricación de artigos de papel e de cartón	49	44	40	43	44	41	42	42	44	38
31 Fabricación de mobles [+]	990	963	938	957	905	835	817	788	736	722
31.0 Fabricación de mobles	990	963	938	957	905	835	817	788	736	722
TOTAL	3.375	3.402	3.469	3.505	3.538	3.409	3.454	3.506	3.359	3.334

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Figura 28 Empresas por actividade CNAE2009





No ano 2024, a demografía empresarial da cadea forestal e da madeira en Galicia reflicte un escenario de estable. O conxunto do sector pecha 2024 cun lixeiro descenso respecto ao ano anterior, situándose en 3.334 empresas.

Na base do sistema, a silvicultura e explotación forestal é o único elo cun aumento de empresas ao longo dos últimos 10 anos. En 2024 consolídase como o único gran segmento con crecemento sostido, impulsado sobre todo polas actividades de silvicultura e os servizos de apoio á mesma. En contraste, a actividade máis vinculada á explotación directa da madeira mantén unha tendencia lixeiramente descendente, o que pode suxerir a perda de empresas e ou unha concentración progresiva da actividade.

No seguinte nivel da cadea, a industria da madeira presenta unha redución continuada do número de empresas, sen sinais de reversión en 2024. Este descenso afecta tanto á serradura como á fabricación de outros produtos de madeira, o que apunta a un proceso estrutural de concentración empresarial e posible aumento de escala media das unidades produtivas. Neste proceso, ademais as probables dificultades de relevo xeracional poden estar a afectar as empresas máis pequenas.

A fabricación de mobles tamén mostra unha tendencia descendente ao longo de todo o período, que continúa en 2024. A redución do número de empresas é progresiva e sostida, o que indica un proceso de concentración similar ao da industria da madeira. A pesar de tratarse dun subsector con capacidade industrial relevante, a estrutura empresarial está a reducirse de forma constante, probablemente como resultado de cambios na organización produtiva e na competitividade e no relevo xeracional de algunhas das pequenas empresas.



EMPREGO

No que atinxe a o emprego na cadea de valor forestal-madeira, o ano 2025 reflicte unha cadea forestal galega que non crece tanto en termos de emprego total, pero que si se reestrutura internamente. A actividade intensifícase no monte, a industria intermedia axústase e perde peso relativo, e a segunda transformación estabilízase tras anos de adaptación.

A evolución da cadea de valor forestal-madeira amosa unha estrutura relativamente estable no seu conxunto, pero cunha redistribución interna clara entre as distintas fases produtivas.

No caso da silvicultura e explotación forestal, percíbese unha evolución ascendente que culmina en 2025 cunha posición claramente máis forte que a de anos anteriores. Este segmento, que a comezos do período se movía en niveis próximos aos 3.000–3.500 empregos, consolídase en 2025 nunha franxa que supera con frecuencia os 4.700 e mesmo alcanza picos por riba dos 5.000 empregos. Esta dinámica reflicte unha maior intensidade na actividade forestal e unha crecente importancia da xestión e aproveitamento do monte como base da cadea produtiva.

Pola súa banda, a industria da madeira, que inclúe o serrado e a fabricación de tableiros, amosa unha tendencia máis ben descendente ao longo do tempo. Desde niveis próximos aos 10.700 empregos, vai reducindo progresivamente o seu volume ata situarse en 2025 arredor dos 8.800–9.000 empregos. Aínda que esta evolución podería interpretarse como unha perda de peso, tamén pode entenderse como un proceso de axuste estrutural, no que a actividade se fai máis eficiente e posiblemente máis concentrada en menos unidades produtivas. Dentro desta dinámica, A Coruña mantense como o principal polo industrial, mentres que Pontevedra amosa unha maior contracción relativa.

A industria do papel, en cambio, mantén un comportamento moito máis estable ao longo de toda a serie. Con cifras que se moven habitualmente entre os 1.200 e os 1.500 empregos en Galicia, trátase dun segmento maduro, con pouca volatilidade e escasas variacións estruturais. En 2025 continúa nesa mesma liña, sen cambios significativos, o que reflicte a súa natureza máis consolidada e menos dependente de ciclos de expansión ou contracción.

Finalmente, a fabricación de mobles constitúe unha das pezas máis relevantes pola súa función de transformación final dentro da cadea. A súa evolución é descendente a longo prazo, pasando de máis de 5.200 empregos a comezos da serie a uns 4.100–4.200 en 2025. Porén, esta caída non implica unha desaparición do sector, senón máis ben unha reconfiguración cara a modelos máis produtivos e concentrados. A Coruña mantén o seu papel dominante, mentres que o resto das provincias presentan unha evolución máis moderada ou de perda relativa.

Figura 29 Afiliacións a Seg. Social ultimo día do mes segundo ramas da CNAE 2009




Figura 30 Afiliacións a Seg. Social ultimo día do mes segundo ramas da CNAE 2009 (acumulado)




Figura 31 Promedio afiliacións á Seguridade social nos CNAE 02,16,17 e 31 por provincias





Figura 32 Promedio Afiliacións á seguridade social 2025 segundo ramas CNAE2009





NOTAS SOBRE MERCADOS

MERCADO GLOBAL DA MADEIRA EN 2025

O ano 2025 confirmou que o sector forestal mundial se atopa nun proceso de transformación estrutural no que converxen retos económicos, ambientais e xeopolíticos.

A curto prazo persisten as incertezas sobre a recuperación da demanda e a evolución do comercio internacional, pero a medio e longo prazo o sector forestal reforza o seu papel estratéxico dentro da bioeconomía, da transición climática e dos modelos de desenvolvemento sostible.

Para comprender a situación vivida nos mercados globais dos produtos forestais en 2025 e o seu contexto, convén elaborar a narrativa do sucedido en 2023 e 2024.

O mercado forestal mundial atravesou en 2023 unha etapa marcada pola desaceleración económica internacional, a elevada inflación, os altos tipos de xuro e unha forte incerteza xeopolítica. Aínda que a demanda estrutural de produtos forestais se mantivo elevada a longo prazo, especialmente pola transición cara a unha bioeconomía baixa en carbono, o curto prazo estivo claramente condicionado pola debilidade da construción, a caída do consumo industrial e a ralentización do comercio internacional. Neste contexto, o mercado mundial da madeira sufriu unha importante contracción tras os máximos acadados durante a pandemia.

Durante ese ano, o consumo e a produción de madeira serrada de coníferas diminuíron tanto en Europa como en Norteamérica. A caída da actividade residencial e o encarecemento do financiamento hipotecario tiveron un impacto directo na demanda. En Europa, o consumo reduciuse ata niveis moi baixos da última década, afectando especialmente a países como Alemaña, Austria ou Finlandia. En Norteamérica, a combinación de inflación elevada e tipos de xuro altos freou a construción de vivendas e reduciu de forma notable a demanda de madeira estrutural.

Ao mesmo tempo, 2023 estivo caracterizado por unha forte volatilidade dos prezos. Tras os récords históricos alcanzados entre 2021 e 2022, os prezos internacionais da madeira experimentaron unha corrección moi pronunciada, situándose en moitos casos preto ou mesmo por debaixo dos custos de produción. Esta situación xerou dificultades de rendibilidade para numerosos serradoiros europeos e norteamericanos, especialmente naquelas rexións con maiores custos de enerxía e materia prima.

O contexto xeopolítico tamén xogou un papel determinante en 2023, ao seguir condicionando os fluxos comerciais internacionais. As sancións á Federación Rusa, os conflitos internacionais e as tensións nos mercados enerxéticos alteraron as cadeas globais de subministración e obrigaron a unha reorganización dos fluxos comerciais. Neste escenario, Asia, e especialmente China, mantívose como un actor fundamental para o equilibrio do mercado mundial da madeira e dos produtos forestais.



En 2024, o mercado forestal global continuou influído pola desaceleración económica internacional iniciada o ano anterior, aínda que comezaron a observarse sinais de estabilización en determinados segmentos da cadea forestal-industrial. A inflación mostrou unha tendencia á moderación e, aínda que os tipos de xuro se mantiveron elevados durante boa parte do ano, o impacto sobre a actividade construtiva foi algo menos intenso que en 2023.

A madeira serrada mantívose nun escenario de axuste, sen recuperar os niveis previos á crise postpandemia. A demanda continuou moderada, especialmente no sector da construción residencial, aínda que os axustes de prezos e a adaptación da produción contribuíron a estabilizar parcialmente o mercado. Moitas industrias do serrado optaron por políticas de contención produtiva co obxectivo de evitar novos desequilibrios entre oferta e demanda.

En Europa, a situación seguiu sendo complexa. A debilidade industrial de países como Alemaña continuou afectando ao consumo de produtos forestais, pero ao mesmo tempo o investimento público en rehabilitación enerxética, construción sostible e economía circular empezou a xerar novas oportunidades. A madeira foi gañando relevancia dentro das estratexias europeas de descarbonización, especialmente no ámbito da construción de baixa pegada de carbono.

En Norteamérica, o mercado mostrou unha evolución relativamente máis estable que en Europa, cunha demanda de madeira estrutural sostida pero sen grandes incrementos. A actividade construtiva permaneceu por debaixo dos niveis do ciclo expansivo posterior á pandemia, aínda que sen a forte contracción observada en 2023.

Asia continuou consolidándose como o principal motor da demanda mundial de produtos forestais. China mantivo unha posición central nos fluxos comerciais internacionais, aínda que o seu sector inmobiliario empezou a mostrar unha debilidade máis persistente. Ao mesmo tempo, mercados como o sueste asiático e a India foron gañando peso tanto na produción como no consumo global.

No ámbito da pasta e papel, consolidouse unha evolución desigual. Os papeis gráficos continuaron en descenso estrutural debido á dixitalización, mentres que aumentou a demanda de embalaxes sostibles, cartón e produtos vinculados ao comercio electrónico. A bioenerxía forestal, pola súa parte, estabilizouse tras a volatilidade derivada da crise enerxética de 2022, mantendo o seu papel dentro da transición enerxética europea.

En 2025, o mercado forestal mundial continuou condicionado pola desaceleración económica internacional, aínda que se comezaron a percibir sinais máis claros de estabilización en distintos segmentos. A moderación da inflación nas principais economías desenvolvidas e a progresiva redución dos tipos de xuro en Europa e Norteamérica contribuíron a mellorar lixeiramente a confianza empresarial e a actividade construtiva, sen chegar aínda a unha recuperación plena. O contexto global seguiu marcado pola incerteza xeopolítica, a volatilidade enerxética e unha recuperación desigual do comercio internacional.

O mercado da madeira serrada experimentou unha recuperación parcial tras a forte contracción de 2023 e a estabilización de 2024. A demanda mantívose moderada, especialmente no sector residencial, pero a mellora das condicións financeiras permitiu frear a caída do consumo. As industrias do sector



continuaron axustando a produción á demanda real, evitando situacións de sobreoferta e mantendo certa disciplina no mercado.

En Europa, a debilidade industrial persistiu, pero o investimento público en rehabilitación enerxética, construción sostible e economía circular reforzou as oportunidades para os produtos forestais. Neste contexto, a madeira consolidouse progresivamente como un material estratéxico dentro das políticas de descarbonización, especialmente na construción industrializada e de baixa pegada ambiental.

En Norteamérica, o mercado mostrou unha mellora máis visible, especialmente nos EE.UU., onde a moderación dos tipos hipotecarios impulsou unha certa recuperación da construción residencial e da demanda de madeira estrutural. Con todo, a actividade seguiu por debaixo dos niveis do ciclo expansivo posterior á pandemia. Canadá continuou afectado polas tensións comerciais coa industria estadounidense.

Asia mantívose como o principal motor da demanda mundial de produtos forestais. China continuou a exercer un papel decisivo, aínda que o debilitamento do seu sector inmobiliario limitou o ritmo. Ao mesmo tempo, o sueste asiático e India consolidaron a súa importancia tanto na produción como no consumo.

A bioenerxía forestal continuou desempeñando un papel relevante na transición enerxética europea, cun mercado máis estable tras a volatilidade de anos anteriores e cunha crecente importancia dos criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética nas políticas climáticas.

O mercado mundial da pasta e papel en 2025 estivo condicionado por un contexto internacional marcado pola incerteza económica, as tensións comerciais globais e a volatilidade nos prezos da celulosa. A pesar deste escenario, a demanda mundial mantívose sólida, especialmente nos segmentos vinculados aos produtos hixiénicos, embalaxes sostibles e materiais renovables. A demanda global de celulosa de fibra curta medrou un 3,6% no ano, impulsada polo mercado chinés, que rexistrou un incremento do 8,4%. A evolución do sector confirma unha tendencia estrutural favorable para a fibra curta de eucalipto, que continúa gañando peso fronte á fibra longa tradicional. Este proceso de substitución responde á tendencia estrutural observada nos anos anteriores, coa caída dos papeis gráficos e o crecemento dos embalaxes sostibles e do cartón impulsado polo comercio electrónico e, nese contexto, unha maior competitividade da fibra curta, ás melloras tecnolóxicas e á crecente demanda de produtos renovables e biodegradables.

En materia de prezos, 2025 caracterizouse por unha forte volatilidade. O prezo europeo da pasta BHKP alcanzou máximos en abril, pero posteriormente sufriu unha importante corrección debido ás tensións comerciais e á incerteza internacional. A pesar desta caída dos prezos, os fundamentos do mercado seguen sendo positivos. Os principais produtores internacionais aplicaron subidas a finais de 2025 e principios de 2026, impulsadas pola redución de capacidade industrial non competitiva e polas limitacións de subministración forestal en países produtores como Indonesia moi afectado polos tifóns en decembro.

Outro aspecto destacado foi o avance das celulosas especiais e de maior valor engadido, especialmente as destinadas á industria hixiénica e aos embalaxes sostibles. O mercado europeo reforza ademais a súa aposta por cadeas de subministración locais, produtos con menor pegada de carbono e modelos industriais integrados na bioeconomía. Neste contexto, cobran importancia os investimentos en eficiencia, descarbonización e novos produtos derivados da madeira.

Figura 33 Evolución histórica do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 2017-2026



Figura 34 Evolución comparada do prezo da madeira serrada nos EE.UU. e do petróleo 2017-2026






Figura 35 Indicador de evolución de prezos de pellet de madeira en Alemaña



Azul oscuro granel, azul claro en saco

Figura 36 Prezos netos de celulosa en China e brutos en Europa 2020-2025 (USD/tn)



Fuente: FOEX



EUDR: DENTRO DO LABIRINTO

A Unión Europea aprobou no ano 2023 o Regulamento de Deforestación da UE (EUDR), cun obxectivo claro e, en principio, lexítimo: impedir que o mercado comunitario continúe a contribuír á deforestación global. Produtos como a madeira, o cacao, a soia ou a carne non deberían estar asociados á destrución de ecosistemas forestais noutros territorios. Porén, a evolución posterior da norma dista dunha implementación eficaz e coherente.

Dous anos despois da súa aprobación, a EUDR continúa inmersa nun complexo entramado burocrático que ameaza con limitar significativamente a súa efectividade. A súa aplicación, inicialmente prevista para decembro de 2024, foi posposta en varias ocasións. En primeiro lugar, debido á insuficiente preparación técnica; posteriormente, pola elevada carga documental requirida; e, máis recentemente, por deficiencias no sistema informático de apoio á súa execución, o cal, segundo reconece a propia Comisión Europea, aínda non se atopa plenamente operativo. Neste contexto, o Consello xa avala unha nova prórroga e unha revisión “orientada” da normativa, xerando un escenario de elevada incerteza institucional.

Non obstante, resulta necesario contextualizar a relevancia do que está en xogo. A esixencia dunha trazabilidade real da madeira procedente de zonas de alto risco implica que numerosos provedores deberán acreditar de maneira verificable que a súa actividade non contribúe á deforestación dos seus propios territorios. Trátase dun cambio estrutural profundo, que podería favorecer á industria europea na medida en que esta opera, en xeral, baixo estándares máis estritos de transparencia e xestión forestal.

Ao mesmo tempo, é preciso reconecer que o regulamento presenta determinadas debilidades conceptuais e operativas. Algunhas definicións de deforestación e degradación forestal resultan discutibles desde unha perspectiva técnica. Así mesmo, a imposición de cargas documentais excesivas sobre pequenas explotacións forestais europeas pode comprometer a súa viabilidade operativa. Tampouco resulta eficiente o deseño dun sistema de tal complexidade que a súa implementación práctica se prolongue indefinidamente. Do mesmo xeito, non é coherente defender estruturas produtivas opacas ou ineficientes que dificulten a evolución do sector cara a modelos máis sostibles e transparentes no marco da transición ecolóxica.

Neste escenario, mentres determinados actores que historicamente non estiveron sometidos a obrigas de trazabilidade presionan no debate normativo e as dinámicas políticas engaden complexidade ao proceso, as institucións europeas manteñen unha postura vacilante. A transformación da EUDR nunha sucesión continua de adiamentos e modificacións parciais non só erosiona a súa credibilidade, senón que tamén fortalece a posición daqueles que cuestionan a súa necesidade ou que compiten en condicións de menor esixencia regulatoria.

Finalmente, cómpre advertir que a prolongación indefinida deste proceso incrementa o risco de que, nun momento de reaxuste do mercado, determinados sectores ou países se vexan obrigados a adaptarse de forma acelerada a unhas esixencias que foron pospostas reiteradamente. Nese escenario, a falta de preparación podería xerar importantes desequilibrios competitivos e deixar a moitos axentes nunha posición de desvantaxe estrutural.



A NOVA POLÍTICA ARANCELARIA

O 14 de outubro de 2025, a administración de Donald Trump estableceu a entrada en vigor de novos aranceis sobre os produtos forestais importados polos Estados Unidos, fixando un 10 % para a madeira serrada e un 25 % para o mobiliario e outros produtos de madeira elaborada. Non obstante, a situación da Unión Europea mantense, por agora, nun escenario de incerteza normativa, xa que a madeira serrada simple continúa sometida unicamente ao arancel de nación máis favorecida, que en numerosos casos se sitúa no 0 %.

Esta situación está condicionada polo desenvolvemento dunha investigación no marco da Section 232, mediante a cal as autoridades estadounidenses avalían se as importacións de madeira poden supoñer un risco para a seguridade nacional. Os resultados deste proceso poderían determinar a eventual imposición de novos gravames adicionais, potencialmente de até o 15 %, o que incrementaría de forma significativa o nivel de proteccionismo no sector.

Para os fabricantes de taboleiros, mobiliario e produtos de madeira transformada, a aplicación destes aranceis implicaría un deterioro directo da súa competitividade nos mercados internacionais. A necesidade de renegociar prezos ou de asumir reducións nas marxes comerciais está a converterse nun elemento estrutural do novo contexto. Mesmo nos segmentos inicialmente menos afectados, a incerteza regulatoria actúa como un factor de distorsión relevante. A posibilidade de cambios súbitos nas políticas comerciais estadounidenses reduce a estabilidade dos contratos a medio e longo prazo, o que condiciona a toma de decisións empresariais. Neste contexto, outros países exportadores con menor exposición a este tipo de volatilidade regulatoria poden resultar máis atractivos, favorecendo a reorientación dos fluxos comerciais.

Ademais, os efectos dos aranceis non se limitan ao mercado estadounidense, senón que se estenden ao conxunto do comercio internacional. A posible redirección de fluxos comerciais cara ao mercado europeo podería xerar situacións de sobreoferta nalgúns segmentos, exercendo presión á baixa sobre os prezos e intensificando a competencia entre produtores. Este escenario obrigará ás empresas a competir cada vez máis en termos de eficiencia de custos ou a avanzar en estratexias de diferenciación baseadas no valor engadido.

En termos estruturais, máis que unha mera barreira comercial, os aranceis están a contribuír a unha reconfiguración do comercio global de produtos forestais e papeiros, alterando rutas tradicionais de intercambio e modificando os equilibrios de marxe no sector. Neste novo contexto, a industria europea vese obrigada a responder mediante estratexias de diversificación de mercados, innovación tecnolóxica e adaptación a un entorno crecente de volatilidade, no que a estabilidade do comercio transatlántico xa non pode considerarse garantida.



2026: O IMPACTO ENGADIDO DO CONFLICTO IRAN – EE.UU.

O conflito entre Irán e Estados Unidos e a posibilidade de bloqueo duradeiro do estreito de Hormuz constitúen un dos factores xeopolíticos con maior capacidade de disrupción sobre o comercio enerxético global, e os seus efectos esténdense de forma significativa ao conxunto da cadea de valor dos produtos forestais. A súa relevancia non deriva unicamente do risco militar directo, senón do feito de que Hormuz é un punto crítico para o tránsito internacional de petróleo e gas natural licuado, polo que calquera tensión neste espazo se traduce de forma inmediata en volatilidade enerxética, incremento dos custos logísticos e inestabilidade nos mercados industriais.

Un dos impactos máis inmediatos prodúcese na escalada dos prezos dos carburantes. O incremento do custo do diésel ten efectos directos sobre toda a cadea forestal, especialmente nos aproveitamentos de madeira en rolo. As operacións de corta, saca e transporte son altamente dependentes de maquinaria — procesadoras, autocargadores e tractores forestais— cuxo consumo de combustible representa unha parte significativa dos custos operativos. Cando os prezos enerxéticos se incrementan de forma abrupta, redúcese a rendibilidade das curtas en masas forestais máis afastadas ou con menor valor unitario, o que podería provocar unha certa contracción da oferta efectiva de madeira no mercado.

Este efecto amplifícase no transporte por estrada da madeira en rolo, onde o incremento do gasóleo ten un impacto inmediato sobre os custos por tonelada e quilómetro. En contextos de marxes axustadas, como o actual mercado europeo da madeira, estes incrementos poden determinar a paralización de determinados fluxos de subministración ou a reorientación cara a destinos máis próximos, alterando a loxística habitual do abastecemento da industria de transformación.

O encarecemento enerxético tamén se traslada á industria química asociada á produción de taboleiros derivados da madeira, especialmente na fabricación de resinas e adhesivos onde a urea constitúe un compoñente esencial. A volatilidade dos mercados enerxéticos vinculados ao conflito no Golfo Pérsico repercute directamente no custo desta materia prima, que xa viña dende enero de 2026 moi afectado pola implantación do Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono (CBAM) que grava los fertilizantes importados con alta huella de carbono para igualar los costes de produción europeos. Estes problemas na urea incrementan a presión sobre os custos de fabricación de taboleiros de partículas, MDF e outros produtos compostos, reducindo as marxes industriais e xerando unha maior inestabilidade nos prezos finais.

Este incremento de custos nun contexto de demanda débil amplifica os efectos negativos sobre a cadea forestal-industrial. A contracción da construción en diversos mercados internacionais agrava aínda máis esta situación. Nos países do entorno do Golfo Pérsico, onde nos últimos anos se producira un crecemento significativo da actividade construtiva —especialmente nos segmentos hoteleiro, de infraestruturas e residencial—, obsérvase unha desaceleración relevante asociada á incerteza xeopolítica, ao incremento dos custos financeiros e á redución do investimento estranxeiro.

Este enfriamento da actividade construtiva ten un impacto directo sobre a demanda de produtos forestais transformados, especialmente taboleiros, madeira estrutural e elementos de acabado. Cómpre sinalar que nestes mercados algunhas empresas galegas conseguiran, de forma progresiva e aínda limitada, consolidar unha pequena pero significativa cota de mercado, especialmente vinculada a subministracións



para proxectos hoteleiros e residenciais de alto nivel. A perda de dinamismo destes sectores supón, polo tanto, unha redución das oportunidades comerciais nun espazo xeográfico que se estaba a consolidar como destino emerxente para a exportación de produtos forestais europeos.

En conxunto, para 2026, a combinación de inestabilidade xeopolítica, incremento dos custos enerxéticos e contracción da demanda construtiva xera un escenario de elevada presión sobre o sector forestal. Non se trata unicamente dun efecto conxuntural, senón dun mecanismo de transmisión de riscos globais que afecta simultaneamente á oferta —a través dos custos de aproveitamento e transporte— e á demanda —mediante a redución da actividade construtiva en mercados clave—. Neste contexto, a industria forestal europea vese obrigada a operar nunha contorna máis volátil, onde a eficiencia loxística, a optimización enerxética e a diversificación de mercados se converten en elementos estratéxicos para manter a competitividade.



ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1 Descrición da Cadea de Valor Forestal-Madeira e as actividades económicas (CNAE09	0
Figura 2 Grafico acumulado da evolución dos aproveitamentos de madeira por tipo de xestión.....	10
Figura 3 Galicia: Cortas en montes de xestión privada por especie e ano (m ³)	11
Figura 4 Galicia: Cortas en montes de xestión pública por especie e ano (m ³)	11
Figura 5 A Coruña: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito.....	15
Figura 6 Lugo: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito.....	15
Figura 7 Ourense Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito.....	16
Figura 8 Pontevedra: Evolución das cortas totais de Eucalipto por distrito	16
Figura 9 A Coruña: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito.....	17
Figura 10 Lugo: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito	17
Figura 11 Ourense: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito.....	18
Figura 12 Pontevedra: Evolución das cortas totais de Coníferas por distrito.....	18
Figura 13 Curvas de Lorenz das cortas de madeira para 2025 por concello por formación	22
Figura 14 Mapa de Concellos segundo o seu grado de urbanización (IGE).....	27
Figura 15 Evolución das cortas de madeira en España por CC.AA. 2005-2023 (m3)	29
Figura 16 Contribución das cortas de madeira en Galicia respecto ao total de España (%)	30
Figura 17 Curva de Lorenz das cortas de madeira en montes privados 2025 por maderista.....	32
Figura 18 Evolución da facturación agregada da cadea de valor Forestal Madeira por subsectores	34
Figura 19 Evolución da facturación estimada da cadea de valor Forestal Madeira por subsectores.....	35
Figura 20 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2016-2025.....	37
Figura 21 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2016-2025.....	38
Figura 22 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2016-2025.....	39
Figura 23 Evolución das exportacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €).....	41
Figura 24 Evolución acumulada das exportacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €) .	41
Figura 25 Evolución das importacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €).....	42
Figura 26 Evolución acumulada das importacións GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €)	42
Figura 27 Evolución do balance comercial GALICIA 2000-2025 por código TARIC (miles de €).....	43
Figura 28 Empresas por actividade CNAE2009.....	44
Figura 29 Afiliacións a Seg. Social ultimo dia do mes segundo ramas da CNAE 2009	47
Figura 30 Afiliacións a Seg. Social ultimo dia do mes segundo ramas da CNAE 2009 (acumulado)	47
Figura 31 Promedio afiliacións á Seguridade social nos CNAE 02,16,17 e 31 por provincias	48
Figura 32 Promedio Afiliacións á seguridade social 2025 segundo ramas CNAE2009.....	48
Figura 33 Evolución histórica do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 2017-2026	52
Figura 34 Evolución comparada do prezo da madeira serrada nos EE.UU. e o do petróleo 2017-2026 ...	52
Figura 35 Indicador de evolución de prezos de pellet de madeira en Alemaña	53
Figura 36 Prezos netos de celulosa en China e brutos en Europa 2020-2025 (USD/tn).....	53



ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1: Galicia: 2025 Aproveitamentos por tipo de xestión e formación específica (m ³)	8
Táboa 2 Evolución 2015-2025 dos aproveitamentos de madeira por tipo de xestión	10
Táboa 3 Volume (m ³) de aproveitamentos en montes de xestión privada por distrito forestal e formación	12
Táboa 4 Galicia: Cortas de eucalipto por distrito forestal e e ano (m ³)	13
Táboa 5 Galicia: Cortas de coníferas por distrito forestal e e ano (m ³)	14
Táboa 6 Galicia: Cortas publicas 2025 por distrito forestal e motivo da corta (m ³)	19
Táboa 7 Volume (m ³) de aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada por distrito e procedemento	20
Táboa 8 N ^o de expedientes de aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada con afeccións	21
Táboa 9 Volumes (m ³) aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada por motivo de D.R. 21	
Táboa 10 Top 20 Concellos en cortas de madeira en 2025	24
Táboa 11 Distribución das cortas privadas por grao de urbanización	26
Táboa 12 Empresas por actividade CNAE2009	44



INFORMACIÓN DE CONTACTO

Juan Picos (coord.)

Escola de Enxeñaría Forestal
Campus Universitario de Pontevedra - A Xunqueira s/n
36005 Pontevedra

Tel. +34 986 80 1900 / 47

Email: jpicos@uvigo.gal



Como citar este informe:

Picos, J. (2026). A CADEA FORESTAL- MADEIRA DE GALICIA 2025. Axencia Galega da Industria Forestal. Consellería de Economía e Industria. Universidade de Vigo. 60 p.